O Interreg III, nas suas três vertentes, veio tornar possível esta experiência entre povos vizinhos, com interesses em comum, aprofundando o relacionamento entre o norte de Portugal e a Galiza, com especial destaque para um aspecto básico e essencial que é a educação dos jovens para o desenvolvimento de novas e melhores oportunidades, com base numa aprendizagem feita de troca de experiências e conhecimentos e de colaboração mútua na construção do futuro. Fazendo parte desta Europa em construção esperemos que a iniciativa possa vir a alargar-se a outros países da União Europeia, como forma também de promover o exercício da cidadania, para além das nossas fronteiras.

Na troca de experiências que tivemos é de salientar os comportamentos demonstrados pelos intervenientes no intercâmbio, o empenho demonstrado nas iniciativas e a amabilidade dos nossos anfitriões durante a estadia em território Galego.

Para que conste e sirva para que num futuro próximo estas iniciativas sejam replicadas, para que mais alunos e professores tenham a oportunidade de participar nas mesmas e melhorem ou alterem os objectivos delineados e atingidos

eis alguns dos objectivos propostos e que devem continuar a ser perseguidos de modo a valorizar o investimento feito através de fundos comunitários sem o qual era praticamente impossível a qualquer uma das entidades envolvidas participar com dinheiros próprios.

Com a iniciativa conjunta do IES Carlos Casares e o Agrupamento de Escolas de Arcozelo traduzido num trabalho de dois conjuntos de professores que formaram uma equipa e o apoio das mais diversas entidades, saliento alguns dos itens mais significativos da promoção do intercâmbio:

Promovemos o conhecimento e o contacto com outras realidades económicas, sociais e culturais, nacionais e internacionais;

Facilitamos a troca de informações e experiências entre povos com realidades distintas;

Identificamos interesses comuns que podem ser aprofundados e dinamizados

Promovemos o espírito de iniciativa e entreaajuda;

Promovemos e fomentamos a cooperação e a partilha como forma de trabalho mais produtivo;

Proporcionamos contactos e experiências em contexto real de trabalho em empresas ou instituições;

Contribuímos para a formação integral dos indivíduos;

Contribuímos para a formação de cidadãos esclarecidos e conscientes dos seus direitos, deveres e oportunidades como cidadãos activos desta aldeia global que é a Europa;

Estreitamos laços de amizade e cooperação que podem influenciar e enriquecer o trabalho futuro das partes envolvidas;

Envolvemos os jovens em projectos que os motivam para a aprendizagem não só na escola mas ao longo da vida;

Criamos nos jovens e nos professores uma atitude de valorização da construção partilhada e apoiada na diversidade;

Incutimos nos jovens o interesse pela negociação e participação activa na definição da sociedade que gostariam de ter;

Incentivamos os jovens a participar em projectos que permitam conciliar a teoria com a prática, enriquecendo-a e melhorando-a;

Incutimos nos alunos o espírito de observação e o olhar crítico sobre o que os rodeia;

Até para o ano.

Agradecimentos: Vereador da Educação da Câmara Municipal de Ponte de Lima, Junta de freguesia de Arcozelo, Clube Náutico, Centro de interpretação Ambiental das Lagoas de S. Pedro de Arcos e Bertandos, Hotel Império do Minho, Restaurante S. Nicolau e professores Manuel Amorim, Hélio Vilas, Raquel Rocha, Zita Barros, José Pacheco, Rui Neves, Luís Arantes, Luís Fernández, Bieito Seivane e Carlos Ferreiro.

SENTIMIENTOS DE LA RAYA

*Antonia Roncero Martín
Prof. Lengua Castellana y Literatura
IES Carlos Casares (Viana do Bolo)*

A sólo cuatro días del Referendum sobre la Constitución Europea aquí, en España, se me antoja que no hay mejor lugar para pensar en ello que Riohonor, un pueblo situado en la raya Zamora-Bragança y que la historia se empeñó en partir en dos.

Aunque vengo de Galicia, mi viaje empieza en Puebla de Sanabria. Desde un cerro y bordeado por el río Tera, se alza el majestuoso castillo que esconde la Torre del Homenaje, a la que llaman el Macho. Raro sería encontrar un zamorano que como yo no haya pasado invierno o verano en esta villa y su Lago. Hoy tan solo el tiempo de un café para sentirse de nuevo en casa y continuar camino.

Me desvío por Ungilde, y a la sombra de la Sierra de la Culebra se abre la Sierra de la Atalaya, pacífica y solitaria, sin montes arrogantes, pero envolvente y también castigada, como no, por el fuego que desgraciadamente hoy vuelvo a contemplar. Monte bajo y árboles nuevos de la reforestacion que cobijan a

eternos rivales, lobos, ciervos, zorros, conejos y rapaces que vigilan siempre desde lo alto.

Mientras cruzo la sierra, pienso si de verdad voy a encontrar ese pueblo sin



fronteras del que tanto me han hablado. Y aparece de pronto, sin preámbulos: “Riohonor de Castilla” reza la señal de entrada; sin embargo, al otro lado de la carretera, la señal de final de poblado dice otra cosa: “Riohonor de cima”. Dos lenguas y a la misma altura, un lugar que se explica en dos lenguas.

A pie y sola, la calle baja junto al río Contensa o río de Honor, limpio y frío como la tarde, entre casas típicas, balconadas y puertas de madera, paredes de piedra y tejados de pizarra. Algunas casas nuevas, sin duda de los que “prosperaron” o de los que retornaron.

Un puente de piedra cruza el río hacia la orilla soleada, pero a este lado un árbol enorme llama mi atención; me acerco, lo miro desde abajo, impone su silencio. Al otro lado de la calzada, hay un hito curioso, una E a este lado, una P al otro. Sin apenas darme cuenta he llegado al punto donde nace esta historia: la frontera, la línea imaginaria que va de un árbol a una piedra.

Un mural de madera me indica que estoy entrando en la parte portuguesa, en Rio de Onor: “Parque de Campismo y Turismo Rural”. Bajo mis pies cambia el firme, adoquines en lugar de asfalto; las casa también cambian, están más cuidadas, algunas restauradas y preparadas para el turismo. Hace frío y una cervejería es ahora el mejor lugar para quitárselo con un buen café portugués. Dentro está la dueña, Victoria, una señora amable; a mi lado Abilio y un amigo de paso.

En torno al café, como si ya nos conociésemos, la conversación fluye en portugués, castellano y una mezcla de los dos de forma natural, y siento que hablamos una sola lengua. “Las cosas han cambiado un poco en Rio de Onor” dice Abilio; antes tenían un médico que venía a visitarles algunos días por semana, pero ahora los portugueses tienen que ir a Bragança, a 22 kilómetros, y los españoles a Pedralba o a Puebla, a 20 kilómetros.



Las administraciones se empeñaron de alguna forma en marcar las distancias entre estos habitantes que nunca se sintieron distintos.

Se queja Victoria de que en Portugal los jubilados tienen que pagar las medicinas, mientras que para sus vecinos de al lado son gratuitas, y deja entrever un cariño especial por España que va más allá de consideraciones económicas y se adentra en lo que ha sido su vida en este pueblo.

Coincide que hoy se han reunido aquí representantes de las dos administraciones para acordar la creación de una residencia de la 3ª edad que pondrá a vivir juntos a los que siempre estuvieron juntos; y me lo cuenta Abilio, mientras me mira con un gesto tranquilo, no sé si de madurez o de escepticismo, porque ya ha habido otros proyectos para ambas aldeas y aún no tienen nada.

Riohonor siempre tuvo sus propias normas, y no es de extrañar, en un lugar donde incluso las familias se completan al otro lado y algunas de las tierras familiares también están al otro lado. Por eso, desde que recuerdan, han tenido un sistema de autogobierno comunal. *“El papel de los mayordomos, elegidos entre todos los hombres –dice Abilio- también ha cambiado”*. Antes organizaban las labores comunales como el cuidado del ganado, el uso de pastizales o llevar asuntos a Bragança o Puebla. Ahora han quedado limitados a cuestiones más simples, como la organización de las fiestas (el día 13 de mayo, Ntra. Sra. de

Fátima, en Rio de Onor y el día 24 de junio, San Juan, en Riohonor); eso sí, son fiestas que se organizan para todos, comida, bebida y música que comparten y celebran.

Se van perdiendo costumbres, ya ni siquiera se habla el rionorés, dialecto autóctono que, como recuerda Victoria, hablaban los viejos del lugar y que era una mezcla de castellano y portugués. Y las costumbres comunales van desapareciendo. Hoy el cuidado del ganado se hace con un sistema de rotación y pasa de casa en casa; los días que cada casa debe guardar el ganado vienen dados por el número de cabezas que tenga. A pesar de todo, cuando surge algún problema, intentan solucionarlo entre todos.

Con cierta tristeza, Victoria me comenta que cada vez hay menos gente en el pueblo; estas tierras de labranza y ganado no son suficiente para los hijos que ya buscaron nuevos trabajos lejos, aunque conscientes de que su lugar lo tienen en Riohonor y a él vuelven siempre que pueden. Los dos colegios que hay son edificios sin niños, los pocos que quedan de secundaria van a Puebla o Bragança y las dos iglesias, dependientes de Astorga y Bragança a veces se turnan para dar sus misas.

Ante la pregunta de si se sienten portugueses o rionoreses, hay sonrisas. Victoria recuerda el día que se enfrentaron España y Portugal en un partido de fútbol, *“casi todo el pueblo animaba al equipo portugués”*. En el fondo sienten sus raíces, pero reconocen un sentimiento fraternal hacia sus vecinos españoles.



Me despido de estos amigos improvisados y me dirijo a la parte española. Allí está la tienda de Manuel Fernández, un hombre lleno de alegría que me recibe como si me conociera de toda la vida; está acostumbrado a ver caras nuevas por Riohonor y a entablar conversaciones detrás del mostrador mientras atiende a sus clientas. Me presenta a Manuel Prieto, su cuñado, ex-guardia civil de tráfico, y, como no, a su madre María Mozo, una mujer que es toda una institución en el pueblo. Cuando la vi entrar por la puerta, delgada, vestida de negro, pañuelo en la cabeza, me recordó a esas mujeres austeras de Castilla, trabajadoras silenciosas, madres sufridoras; sin embargo, cuando empezó a hablar se descubrió una mujer llena de vida, con mil historias que contar.

“Me regalaron un libro de Saramago en castellano, pero a Saramago me gusta leerlo en portugués”, me dice con toda la naturalidad del mundo, y me doy cuenta de que aquí es mucho más patente la realidad de un solo pueblo.

Dice Manuel Prieto, porque lo vivió, que es curioso que se pusiera una cadena en la frontera, donde hoy hay un gran árbol y un hito, después de haber estallado la Revolución de los Claveles y cuando el dictador Franco ya no estaba. Y todo se produjo para comodidad de uno de los guardias que tenían turno de noche y quería evitar estar en el puesto; así es que “plantó” una cadena de lado a lado para que no pasase nadie mientras él descansaba tranquilo y a resguardo. Y lo que es la estupidez humana, que hubo alguno que vio en ese gesto todo un símbolo de poder y llegó incluso a pedir salvoconductos a los rionoreses –María conserva uno, como tantos otros documentos de aquella época-. Sigue Manuel contándome que un día recibió una llamada del Gobernador Civil de Zamora para que cortase esa cadena, las cosas habían ido demasiado lejos, y lo hizo encantado; ahora la guarda como recuerdo de algo que no debió suceder. Y siguen relatando historias, del contrabando de carbón y de harina, de las multas que les ponían, de las noches en el cuartelillo... Todo es evocar, ir a la memoria a buscar en su pasado. El humo de mi cigarro llega a María, que inspira profundamente *“A mí no me gusta el tabaco, pero me recuerda a mi Manuel”* y lo dice con la misma cara dulce con la que habla de lo rico que estaba el cordero hecho en pota o lo mucho que quiere a este pueblo.

Se ha puesto el sol y debo regresar a mi pesar. Para finalizar nuestra conversación les pregunto si ellos sienten que las dos aldeas son el mismo

pueblo, y hay un sí unánime y convencido. *“Fíjate si somos los mismos –dice Manuel- que el otro día, un ciervo al que perseguía un lobo, se despeñó y se mató, e hicimos una gran fiesta para comérnoslo; y allí estuvimos todos, los de arriba y los de abajo”.*

Ya de regreso, siento que ha habido mucha nostalgia en todos aquellos con los que hablé, quizá porque sientan que se les escapa algo de lo que fueron, de lo que son, y porque se sienten de alguna manera olvidados y desprotegidos.

Estoy convencida de que es el momento de que las dos administraciones hablen en serio de conservar este “oasis perdido” como llegó a calificarlo el etnólogo Jorge Días o esta “aldea europea” según otros, antes de que los rionoreses, que luchan por no olvidar, desaparezcan.

La Historia duplicó un pueblo: dos colegios, dos iglesias, dos puentes, dos lenguas... pero un solo río que les da parte del nombre: Riohonor o Rio de Onor, y un camino en cuesta que lo completa: “de cima”, “de baixo”.

PALAVRAS DE POETAS

*Bieito Seivane Tápia
Profesor de Xeografía e Historia
I.E.S “Carlos Casares”. Viana do Bolo*

Galiza e Portugal compartilham muitos elementos da sua identidade e um deles é a Língua, assim com maiúsculas. Um conceito, o de Língua, independente das diversas falas dos nossos territórios e que em nada se deve opor a elas por constituírem uma pluralidade de realizações de tal Língua que a enriquecem sem irem em menoscabo da sua unidade.

Contodo, séculos de fronteira política fôrom como um nevoeiro mental para os povos a um e outro lado da fronteira; a política traçou uns limites que com o tempo se reforçariam noutros âmbitos, a começar polos planos de ensino desenhados desde a ideologia liberal, centralista e uniformizadora. No caso de Galiza impunham o ensino de um só idioma e num só idioma, o castelhano; e algo igual de lamentável, impunham uma só persepectiva de ver a história com a negaçom por simples desaparichom do que significava Portugal para Galiza. Na inversa, os avatares peninsulares e a desconfiança secular que presidiu as relações entre os estados portuguêns e espanhol obrarom da mesma maneira em Portugal a respeito de Galiza.

A conseqüência foi esse desconhecimento mútuo entre as nossas duas terras que continua hoje em dia, esse nevoeiro mental ornamentado com falsos e absurdos preconceitos; se experiências como o intercâmbio entre as nossas duas escolas servem para fazer que tais ideias se dissipem das nossas mentes o esforço terá merecido a pena. No que a isto diz respeito, merece a pena voltar a chamar a atenção sobre o nosso idioma na Galiza, conservado só por um milagre histórico que o salvou até hoje desse conceito uniformizador e empobrecedor que no passado padecemos e que hoje alguns querem extrapolar à Europa do futuro.

Porém, nunca deixou de haver em Portugal e Galiza espíritos elevados que eram conscientes desse elo de ligação entre as nossas duas terras que o tempo debilitou mas nom fijo desaparecer. Queria destacar aqui os versos de dous poetas galegos, recuperando assim esta linguagem da poesia tão profunda como esquecida nos nossos tempos, portadora tantas vezes dessas verdades que som alheias aos prosaicos valores do mundo de hoje..

O primeiro deles é Eduardo Pondal Abente (Pontecesso, 1835; Corunha, 1917). Defensor de que a etnia celta era o alicerce do povo galego, cantou as luitas heroicas dos antepassados contra a dominação romana; essas luitas deviam servir de exemplo para que os galegos saíssem do seu estado de prostração e humilhação seculares e deixassem de ser uma colectividade escrava e abandonada de si mesma. Portugal vai ser neste senso uma referência e uma lembrança obrigada nos seus versos, nos que mais de uma vez o poeta apelará à irmandade e ao achegamento entre os dous povos, como podemos ver nalguns exemplos do seu livro “Queixumes dos pinhos”

À nobre Lusitânia
os braços tende amigos,
aos eidos bem antigos
com um pungente afám:
e cumpre as vaguedades
dos teus soantes pinhos,
duns mágicos destinos.
Ó grei de Breogám

Pondal nom era um separatista, partidário de novas fronteiras; mas rejeitava profundamente o estado liberal espanhol do século XIX, corroido polo caciquismo, a corrupçom e um parlamentarismo farsante cuja dominaçom tam negativa era para Galiza e a sua identidade. Nesse contexto, apela para uma nova uniom de povos ibéricos na que Galiza e Portugal formariam uma unidade fundamentada na língua comum e que seria factor de equilíbrio peninsular face ao centralismo liberal e a Castela:

nos dias da futura
boa idade serás
atamento garrido,
forte nó sem rival,
ponte de ledos arcos
que é doce contemplar;
e os bons filhos do Luso,
e os fortes irmãos,
num só nó, fortemente
os dous constringirás;
tal é a semelhança sonora
do garrido falar!

O outro poeta ao que nos vamos referir é Antom Tovar (Rairiz de Veiga, 1921; Ourense, 2004). É um poeta galego limião, isto é, das terras galegas ligadas a este noso rio Lima. A sua trajectória criativa está ligada às tendências existencialistas, a um olhar crítico do mundo que o rodeia e a um pessimismo lúcido. No seu livro “Calados esconjuros”, publicado em Vigo em 1980 encontramos este poema que evita todo comentário, intitulado “Se digo”

Se digo Portugal
digo esperança, amor e lonjania.

O verso longo de Teixeira
vem dos sol-pores da harmonia
e envolve o mundo na sua capa
imensa, solitária e panteísta.

(...)

O verso de Pessoa triste
e sereno vem cheio de ironia,
e Torga chanta as suas palavras
e ergue o seu canto em rebeldias.

(...)

O verso medieval de D.Dinis,
irmão dos cervos que fugiam,
vem beber na mão seca das fontelas
que estiarão na terra da injustiça.

(...)

Se digo Portugal digo saudade
duma irmã que partiu co'as andorinhas
e nom regressa e nom regressa e morre
o lume na lareira de Galiza

Se digo Portugal digo: Galiza
árvore decepada, pátria apodrecida

Mas, apesar destes últimos versos, a identidade enfraquecida pode-se regenerar. Voltar a encontrarmo-nos, galegos e portugueses, é sempre uma boa oportunidade para redescobrir esse parentesco abafado por tantos e tantos factores emanados da ignorância e a incultura, e em concreto em Galiza polo desprezo a que foi condenado o nosso património cultural por regimes políticos, variados na forma mas iguais no seu fundo, brutalmente homogeneizador; no mesmo livro, Antom Tovar também nos descreve essa realidade na linguagem poética:

Borraram os letrados dos caminhos
c'os bem amados nomes das antigas vilas,
dos silabários das escolas algareiras¹
borraram o cantar humilde e puro
da língua popular.

Só no escuro das lareiras
no apartado silêncio dos labregos² lábios,
esquecida das espadas poderosas,
burburinhava a nossa língua triste.

Aferrolhada fôra como uma delinqüente
as mãos sem calos do trabalho,
requintadas e doces, religiosas,
enfeitadas c'o ouro dos anéis
roubados ao suor dos pobres
empurraram a língua nobre e pura
a um cadafalso de vergonhas.
Meus pais, também, amados ignorantes,
Obedeceram as ordens que o espadão
Deborcara na poça de Galiza

E, agora, vê-la aqui a genreira³ justa
dos moços nobres e libertadores
tirando do pescoço da enforcada
o barão injusto, o ódio da canalha.
'Inda folegas, noiva bela,
'inda tens verbos na tua gorja magoada,
foguetes de coragem p'ra cuspir-lhes
aos donos madrilenos do bilhete,
da espada e mais a cruz.

‘Inda tens fôlegos língua enxebre⁴
nos teus lábios de moça assovalhada⁵,
língua dos meus limianos, dos meus antigos,
‘inda tens fôlego p’ra bicar⁶ os meus sonhos.

Nossa é agora a responsabilidade de superar estas misérias do passado; temos para isso meios e possibilidades que nunca tiveram ao seu dispor os nossos antecessores, a começar por estes intercâmbios e pelas perspectivas que eles oferecem para alargar os nossos horizontes. Aproveitemo-los pois para uma tomada de consciência da artificialidade da fronteira que nos separou e para começar a ver na outra parte o muito que temos em comum.

Por outra parte, a luta polo nosso acervo nom é uma questom de chauvinismos nem de olhar para o próprio umbigo; é uma atitude ética, de defesa de uma herança que nos foi transmitida polos nossos predecessores através dos séculos. E essa atitude ética é também um dever que temos todos e cada um de nós para preservar, através dessa defesa, a riqueza das culturas que no mundo existem face à onda homogeneizadora da globalizaçom, que leva precisamente à destruiçom dessas culturas.

E de todo isto deduzimos também qual deve ser a nossa ideia da Uniom Europeia: ela deve conduzir a uma verdadeira liberdade e dignidade de todas as culturas que a integram, deve praticar e defender o mais rigoroso respeito por cada uma delas, especialmente pelas mais minorizadas polos avatares da história. Nom pode haver sítio para imperialismos culturais nem para pretensões uniformizadoras. E deve sempre fomentar o contacto, o conhecimento e a estima mútuas entre essas culturas porque só desde elas se pode construir uma identidade europeia forte e digna de estarmos orgulhosos dela face a outros “europeísmos” amorfos e abstractos. Esta é a principal aprendizagem que se pode tirar de experiências como a deste encontro entre as nossas duas escolas que esperamos deixe sinal e boa semente para o futuro.

A FORMACIÓN PROFESIONAL ANTE O RETO EUROPEO

*José Luís Vázquez Fernández
Inspector de Educación*

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia

O artigo 27 da nosa Constitución reconece a tódolos españois, o dereito á educación co fin de alcanza-lo pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto ós principios democráticos de convivencia e ós dereitos e liberdades fundamentais. Os poderes públicos deben garanti-lo dereito de todos á educación, mediante unha programación xeral do ensino, coa participación efectiva de tódolos sectores afectados e a creación de centros docentes. Nesta mesma liña e dentro dos principios rectores da política social e económica, a Constitución, no seu artigo 40, esixe dos poderes públicos o fomento da formación profesional e a readaptación profesional, instrumentos ambos de esencial importancia para facer realidade o dereito ó traballo, a libre elección de profesión ou oficio e a promoción a través do traballo.

Un sistema de formación profesional eficaz debe ser capaz de proporcionar suficientes e adecuadas oportunidades de formación e cualificación e ademais

impulsar, animar e orienta-las persoas para que manteñan un esforzo permanente de actualización e mellora da súa cualificación. Polo tanto unha formación profesional moderna debe estar orientada ó desenvolvemento persoal, ó exercicio do dereito ó traballo, á libre elección de profesión ou oficio e á satisfacción das necesidades do sistema productivo e do emprego. Unha ensinanza así definida, con esa ambición de obxectivos, deberá contar con centros e organismos que impulsen accións de carácter innovador, experimentais e formativas en clara conexión cos diferentes sectores productivos.

A sociedade actual, caracterizada por un dobre proceso de ampliación dos contornos xeográficos de convivencia e de aceleración dos cambios no eido tecnolóxico, asigna á formación a fundamental tarefa de propor medidas que faciliten o desenvolvemento económico e tecnolóxico das sociedades en xeral e a mellora da calidade de vida dos cidadáns en particular.

Os organismos internacionais especializados en formación sinalan que as necesidades formativas dos diversos colectivos deben incluír importantes elementos comúns, debendo contar con:

- Unha formación de base sólida e equilibrada nas súas compoñentes cultural e científico-técnica.
- Unha formación profesional específica posterior, teórica e práctica de amplo espectro.

En España despois de realizar un profundo análise do seu sistema educativo e coa intención de dar resposta ós grandes retos formativos do momento e das próximas décadas, promulgase en 1990 a Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE).

A LOXSE modifica practicamente todo o sistema educativo español, vixente ata ese momento, pero sobre todo realiza profundas transformacións nas ensinanzas de formación profesional reforzando e fortalecendo os vínculos co sistema productivo, elaborando un catálogo de títulos e definindo as cualificacións profesionais.

En España, igual que en tódolos países do noso contorno os estudos

de formación profesional teñen unha longa historia. Durante varios séculos estiveron practicamente en mans dos gremios e das asociacións profesionais, que se ocupaban da integración dos aprendices no mundo profesional, mediante un proceso de ensinanza realizado no propio lugar de traballo.

Á marxe dos antecedentes históricos do século XVIII e do século XIX, tales como a promulgación por Carlos III da cédula de 12 de xullo de 1781 que tiña como finalidade impulsa-la instrucción pública para conseguir, ademais dunha formación moral, fomenta-la formación dos traballadores do futuro; a creación das chamadas Escolas Profesionais de Artes e Oficios (a primeira delas xurdiu en Sarriá, Barcelona, en 1886) ou a promulgación, en 1857 da Lei de Instrucción Pública (Lei Moyano), que establecía un período de primeira ensinanza (ata os 9 anos, para nenos e nenas) e introducía unha segunda ensinanza dividida en Estudos Xerais e de Aplicación ás Profesións Industriais.

Os primeiros intentos para crear en España un sistema normalizado de ensinanzas profesionais de ámbito estatal, máis alá do natural aprendizaxe no traballo, non aparecen ata a promulgación dos Estatutos de Ensinanza Industrial e de Formación Profesional de 1924 e 1928, respectivamente.

O Estatuto de Ensinanza Industrial de 31 de outubro de 1924, constitúe pois, o primeiro plan completo e coherente que regula estas ensinanzas. Se ben no país pervivían aínda formas de produción artesanais, a promulgación do Estatuto responde ás tendencias industrializadoras do momento (dictadura de Primo de Rivera), que precisaban cubrir urxentemente as necesidades de capacitación derivadas da transformación do sistema productivo. A industria (particularmente a siderurxia e a eléctrica) e tamén os servicios estaban a adquirir unha paulatina preponderancia fronte ó sistema agrícola tradicional, o que ocasionou o nacemento dunhas, cada vez maiores, esixencias de promoción social entre o mundo dos traballadores, comerciantes e artesáns.

Sen embargo, o Estatuto de 1924, aínda sendo a primeira normativa que senta as bases da separación formal e real entre a ensinanza xeral e as ensinanzas profesionais, regulando estas na súa totalidade como un conxunto continuo tivo escasa incidencia, xa que non chegou a desenvolverse na práctica, polos seus escasos anos de vixencia.

Pola súa parte, o Estatuto de Formación Profesional, aprobado polo Real Decreto 2451/1928 do Ministerio de Traballo e Previsión, de 21 de decembro de 1928, recolle gran parte do aporte lexislativo e da organización proposta polo Estatuto de 1924, pero, ademais, supón o establecemento dunha rede de centros, baseada na incardinación destes no seu contorno local e no desenvolvemento da súa autonomía. As Cartas Fundacionais e os Padroados Locais serán as principais bases e os órganos de xestión que van a rexe-la vida diaria de cada centro.

A través dos títulos dos seis libros que conforman o Estatuto da Formación Profesional:

Organización da Formación Profesional

Orientación e Selección Profesional

Formación Obreira

Formación Profesional do Artesán

Escolas Industriais

Perfeccionamento Profesional e Investigación

deixase translucir-lo intento lexislador por non limitarse á simple captación de aprendices, senón por integrar, tamén dentro do ámbito da formación profesional, a orientación, a selección e o perfeccionamento profesional, así como a formación do oficial e do mestre artesán.

A implantación do Estatuto deu lugar a unha grande variedade de centros, divididos, fundamentalmente, en:

Escolas de Traballo: dirixidas á formación técnica do oficial e mestre de taller.

Escolas de Orientación e Aprendizaxe: destinadas á formación de mozos que non alcanzaban a idade laboral.

Escolas de Artesáns: para a formación do oficial e mestre artesán.

Escolas Industriais: para a formación do persoal técnico auxiliar de enxeñeiros.

É de destacar, que dentro do marco do Estatuto, os centros mantiñan una estreita relación co mundo productivo, xa que se contemplaba a estancia dos alumnos en empresas durante períodos de un ata dous anos, e establecíase a presenza de xuntas de avaliación para a obtención dos títulos; xuntas que estaban integradas por representantes dos patróns, dos sindicatos obreiros e por membros do padroado de cada centro.

Posteriormente, no ano 1931 (Segunda República), tódolos centros nacidos trala promulgación do Estatuto de 1928, pasaron a depender do Ministerio de Instrucción Pública, creándose, a tal efecto, a Dirección Xeral de Ensinanza Profesional e Técnica

Por último, sinalar que a terceira gran etapa da formación profesional nace coa publicación, o 20 de xullo de 1955, da Lei de Formación Profesional Industrial, que ven a substituí-la regulación aínda vixente do Estatuto de 1928, e que inclúe como obxectivo básico impulsa-las ensinanzas profesionais como parte do sistema educativo xeral.

A Lei de 1955 prevía, inicialmente, o desenvolvemento destas ensinanzas en catro etapas:

- Preaprendizaxe.- dun ano de duración.
- Aprendizaxe.- con catro anos de duración.
- Mestría.- que duraba tres anos
- Perfeccionamento.- que era dun ano.

Sen embargo, este plan de estudos non chegou a implantarse na súa totalidade, pois o Decreto de 21 de marzo de 1958, promulga un novo plan estruturado en dúas etapas:

- Grao de Aprendizaxe Industrial, de tres anos de duración, a partir da idade mínima de catorce anos, que outorgaba o título de Oficialía Industrial.

- Grao de Mestría, de dous anos de duración, a partir dos dezasete anos para aqueles mozos que xa estaban en posesión do título de Oficialía Industrial e que outorgaba o título de Mestría Industrial.

Entre as principais achegas desta Lei hai que subliña-lo incremento notable que supuxo en cuanto a recursos destinados á formación profesional, que na súa maior parte proviñan, da cota para a formación profesional que abonaban as empresas e das achegas fixas das entidades de aforro e de distintas obras sociais de carácter nacional, ademais das partidas consignadas no presuposto do Ministerio de Educación e Ciencia. Non obstante, é necesario mencionar que, pese ós avances que supuxo esta Lei (coparticipación das empresas na financiamento e no proceso de formación e regulamentación das titulacións, fundamentalmente), a descentralización, a autonomía e a participación que aparecían no Estatuto de 1928 vense aquí moi recortadas, ó adquirir maior protagonismo a administración central, na mesma medida na que a perden os órganos locais e os propios centros.

Polo que afecta á actividade desenvolvida polo Ministerio de Traballo, esta vaise a despreparar, por unha parte, en torno á creación das Universidades Laborais, en colaboración co Ministerio de Educación e Ciencia, e por outra, vai a asumir practicamente en solitario, a tarefa da capacitación profesional dos adultos, mediante a creación en 1957, da Oficina Sindical de Formación Acelerada e, posteriormente, en 1964, a través do Plan Nacional de Promoción Profesional (PPO).

En canto á formación profesional regrada, a Lei Xeral de Educación (LXE) de 1970 marca unha nova etapa no seu desenvolvemento e configuración. Así, o Libro Branco do Ministerio de Educación e Ciencia que, no ano 1969, pretendía establece-las bases da futura reforma educativa de 1970, concibía a formación profesional como unha ponte de transición entre os estudos regulares e o emprego, para o que se organizarían cursos de técnicas específicas de curta duración (LXE, art. 40.1).

O lexislador de 1970 estableceu que a formación profesional non constitúe un nivel educativo, senón que se define como unha saída destes, así:

- A Formación Profesional de primeiro grao é a saída para a EXB.
- A Formación Profesional de segundo grao é a saída para o BUP.
- A Formación Profesional de terceiro grao (nunca implantada) para o primeiro ciclo da Ensinanza Universitaria.

Sen embargo, e a pesar desta concepción marxinal ó conxunto do sistema educativo, a formación profesional foi considerada como unha modalidade de ensinanza regular que, no seu aspecto organizativo, obedecía a criterios académicos similares ós de calquera outro nivel educativo, encomendándosele como finalidade específica a capacitación dos alumnos para o exercicio da profesión elixida, ademais de continuar a súa formación integral.

A ordenación do sistema educativo establecida na LOXSE ten os seus orixines na reforma educativa iniciada na década dos oitenta. Esta reforma basease na realización de accións experimentais en distintos niveis da ensinanza. No referente á formación profesional, a experimentación sitúase, fundamentalmente no deseño e desenvolvemento da Formación Profesional Específica, que se concreta no que se denominou Módulos Profesionais (*ciclos formativos*, na LOXSE). Estes defínense, no Libro Branco (antecedente inmediato da LOXSE), como “*o conxunto de habilidades, coñecementos e capacidades necesarias para exercer unha gamma máis ou menos ampla de postos de traballo afíns a un campo profesional*” ou “*a formación necesaria para unha profesión e as competencias para exercela*” (MEC, 1989:256).

As ensinanzas relativas ós módulos profesionais configúranse, como uns estudos experimentais cuxo marco legal deriva da autorización conferida pola R.O. 2326/1983, de 13 e xullo (BOE de setembro de 1983) e posteriormente, pola R.O. 942/1986, de 9 de maio (BOE de 14 de maio de 1986), que permitiu desenvolver unha serie de experiencias que posibilitan a introducción das modificacións e reformas consideradas necesarias para a actualización do sistema educativo

No referente a súa estruturación, os módulos profesionais desenvólvense en dous bloques formativos diferentes e complementarios, que agrupan contidos teóricos e prácticos. Un a desenvolverse no centro de ensino e, o outro nos centros de traballo (empresas), sendo a inclusión deste último unha das peculiaridades máis importantes da ordenación dos módulos, polo que ten de intento de asegura-la vinculación entre os procesos formativos e o contorno productivo, propiciando así, un mellor tránsito do sistema educativo ó mundo laboral. A tal efecto, en cada centro existe un profesor encargado da coordinación dos diferentes aspectos que implica o desenvolvemento do módulo, especialmente a estruturación dos períodos de prácticas formativas nos centros de traballo. Así mesmo, establecece a participación dos axentes sociais durante todo o proceso formativo, tanto na aprobación do deseño e na definición dos perfís profesionais, como na implantación e impartición dos módulos, fundamentalmente a través da facilidade para a realización das prácticas formativas.

Os módulos profesionais organízanse horizontalmente en dous niveis de cualificación: nivel dos e nivel tres; de acordo cos distintos niveis de cualificación existentes no mundo laboral e coas pautas marcadas pola Unión Europea, segundo o establecido na Decisión do Consello da Comunidade Económica Europea de 16 de xullo de 1985.

Pola súa parte, os diferentes módulos profesionais aglutínanse en familias profesionais, entendendo por familias profesionais, o conxunto de profesións agrupadas segundo criterios de afinidade formativa, que teñen un tronco común de coñecementos e de habilidades, susceptibles de constituír un bloque de formación profesional de base. De esta maneira, os módulos profesionais veñen a ter, aproximadamente unha mesma formación de base e, polo tanto, un itinerario formativo similar, previo a cursa-lo módulo.

As características fundamentais de cada módulo están recollidas nun documento base, que se concreta nunha Orde Ministerial publicada no BOE. Este documento base marca as referencias fundamentais do módulo que deben desenvolver-los centros educativos adaptándoas ás características do seu contorno.

A Lei Orgánica 1/1990 de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE), como xa se expuxo anteriormente, reestructura completamente o sistema de ensino e da formación profesional, sendo os seus principais eixes os seguintes:

- A ampliación da educación básica, obrigatoria e gratuíta desde os seis ós dezaseis anos, que é, segundo a Lei, a idade mínima de incorporación á vida activa.
- A reorganización dos diferentes niveles de ensino, en:

Educación Infantil.

Educación Primaria

Educación Secundaria Obrigatoria.

Bacharelato.

Formación Profesional de Grao Medio.

A Formación Profesional de Grao Superior.

Pola súa parte a LOXSE, na súa disposición adicional primeira, prevé a posta en práctica desta nova ordenación dunha maneira gradual, a través do establecemento dun calendario que foi aprobado polo Real Decreto 986/1991 de 14 de xullo e posteriormente modificado e completado polo Real Decreto 1487/1994, de 1 de xullo, que contempla a extinción gradual dos plans de estudio en vigor e a implantación dos novos currículos.

A Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, acomete no Capítulo Cuarto do Título Primeiro, a reforma da Formación Profesional, definíndoa no seu artigo 30.1 como “o conxunto de ensinanzas que dentro do sistema educativo e reguladas nesta Lei, capaciten para o desempeño cualificado das distintas profesións. Incluirá tamén aquelas outras accións que, dirixidas á formación continua nas empresas e á inserción e reinserción laboral dos traballadores, se desenvolvan na formación profesional ocupacional que se regulará pola súa normativa específica”. En consecuencia, a LOXSE prevé dúas modalidades de formación profesional:

- As ensinanzas impartidas dentro do sistema educativo, encamiñadas a capacitar ós cidadáns para o desempeño cualificado das distintas profesións. Esta modalidade ten, polo tanto, a finalidade proporcionar, tanto a xente nova como ós adultos, unha preparación completa e sistemática para o exercicio dunha profesión ou ocupación ou para desempeñar un emprego.

- As accións dirixidas ós adultos e ós mozos e mozas, xa inseridos na vida activa ou próximos a inserción laboral; ten por finalidade que a poboación activa manteña ou incremente os seus coñecementos, capacidades e actitudes profesionais e se manteña adaptada ó desenvolvemento tecnolóxico e á evolución de emprego, esta formación profesional favorece a inserción e reinserción laboral dos traballadores.

É, ademais tarefa das Administracións Públicas o garanti-la coordinación de ambas ofertas de formación profesional.

No que respecta á formación profesional propia do sistema educativo, esta ordenase en tres grupos:

- Formación Profesional de Base
- Formación Profesional de Grao Medio
- Formación Profesional de Grao Superior

A Formación Profesional de Base, denominada tamén pola LOXSE como formación básica de carácter profesional (art. 30.3) cabe entende-la como o conxunto de coñecementos, aptitudes e capacidades básicas comúns a un conxunto amplío de profesións. Ó estar constituída por coñecementos xerais e habilidades comúns a diferentes familias profesionais, pretende dotar ó alumno dunha formación polivalente, aberta ós distintos campos da formación profesional específica, pero tamén facilitar, tanto a mobilidade como a posible reinserción profesional dos cidadáns cando esta sexa precisa.

Conforme a esta concepción, o novo sistema de formación profesional de base integrase no tronco educativo xeral, no nivel da ensinanza secundaria,

tanto obrigatoria, como no bacharelato. Esta integración supón, en primeiro lugar, introducir na etapa da educación secundaria obrigatoria obxectivos e contidos que ofrezan, xunto á formación xeral, unha adecuada formación de base para o acceso ós ciclos formativos de grao medio. Así, no Real Decreto 1007/1991 de 14 de xuño (BOE de 26 de xuño de 1991), establécense as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria para todo o Estado.

A formación profesional de base, na educación secundaria obrigatoria, concretase, nun currículo que inclúe:

- Una dimensión práctica e profesionalizadora das materias tradicionais (lingua, matemáticas, idioma estranxeiro, ciencias naturais e sociais, etc.), que poña de relevo e aproveite o alcance e a significación que estas materias teñen para a profesionalización
- O establecemento de obxectivos que favorezan a transición á vida activa, mediante a renovación dos contidos, poñendo máis énfase na súa dimensión práctica e funcional, e reforzando os procedementos de traballo e as actitudes relacionadas con tal dimensión.
- Una educación tecnolóxica xeral para tódolos alumnos, como área específica que contemple non só a formación nas diversas tecnoloxías básicas, sino tamén o coñecemento do contorno social e productivo no que estas se aplican, co fin de garanti-la adquisición dunha formación tecnolóxica elemental, e ó mesmo tempo construír unha base fundamental para todo o sistema de ciclos formativos de grao medio.
- Unha introducción progresiva de contidos educativos diversificados e optativos que permiten responder ás diferentes necesidades e inclinacións dos alumnos, amplía-las súas posibilidades de orientación e reforza-las obxectivos de transición á vida activa. Este espazo optativo deberá concretarse na introducción obrigatoria de polo menos, unha materia de iniciación profesional, na oferta de materias optativas que tódolos centros deberán ofrecer no segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria.

No que se refire á ensinanza post-obrigatoria, a esixencia dunha formación profesional de base no bacharelato concretase nos seguintes aspectos:

- A existencia de varias modalidades de bacharelato (entre elas, unha modalidade netamente tecnolóxica) e a configuración interna de cada unha delas mediante un abanico de materias coas que poder elaborar diferentes itinerarios formativos, que permitan ó alumno orientarse a distintos campos do coñecemento e da actividade productiva.
- A renovación dos contidos das materias tradicionais e, sobre todo, a introducción de materias de modalidade que permitan ó alumno elixir itinerarios que lle aseguren unha preparación para o acceso ós ciclos formativos de grao superior.
- A definición dun espazo de opcións mediante a implantación, dentro de cada modalidade, dun sistema flexible de materias optativas, que facilite a orientación do alumno a determinadas carreiras universitarias ou ensinanzas profesionais ó final do bacharelato. En consecuencia, os centros educativos que impartan bacharelato ofertaran aquelas materias optativas que o deseño curricular dos ciclos formativos de grao superior consideren necesarias ou convenientes para acceder ós mesmos.

Por Formación Profesional Específica entendese ó *conxunto de coñecementos, habilidades e capacidades relativas a unha profesión definida esta como a competencia para exercer unha serie de postos de traballo afíns a un campo profesional*. Situada entre a formación profesional de base e a formación en postos de traballo, a formación profesional específica parte da ensinanza académica e das súas características de programación, aprendizaxe sistemático e crítico e avaliación, a vez que se define en estricta relación co sistema productivo. É, en suma, a ponte entre a escola e a empresa ou, en xeral, entre o mundo educativo e a actividade profesional.

Así concibida, a empresa ten unha importante responsabilidade na definición (sobre todo, na elaboración dos perfís profesionais que inspiran os contidos formativos) e na impartición da formación profesional específica, que non debe desenvolverse só nos centros educativos, senón tamén en situacións productivas reais (en torno, a un cuarto da formación), mediante acordos de cooperación centro educativo-centro productivo.

A formación profesional específica (F.P.E.) segundo o disposto na LOXSE, estruturase en ciclos formativos. Entendéndose por ciclo formativo a ensinanza e formación dun conxunto de habilidades que constitúen un bloque coherente de formación profesional específica, e que completan a formación necesaria para exercer unha profesión. Cada ciclo está integrado, a súa vez, por varios **módulos profesionais**, sendo un módulo *un conxunto de coñecementos, habilidades e aptitudes ordenados con criterios de afinidade formativa, e asociado a una unidade de competencia profesional* (parte máis pequena da cualificación profesional, que pode acreditarse para a obtención da competencia profesional do título).

A denominación de ciclo formativo para representar á nova ordenación da formación profesional específica ven a substituír ó termino módulos profesionais, utilizado durante o período de experimentación da LOXSE. No obstante, a substitución dos *módulos profesionais* polos ciclos formativos supón algo máis que un cambio puramente semántico, ó producirse dúas variacións fundamentais:

- En relación coa metodoloxía da elaboración, supéranse algúns dos problemas dos módulos profesionais, tales como a superposición de perfís, a ausencia de estudos rigorosos de mercado para coñecer-la necesidade dun determinado perfil profesional ou a escasa participación dos axentes sociais, entre outros. Para obviar estes problemas os programas formativos dos ciclos inspíranse na competencia profesional expresada por un perfil, que se definiu mediante un estudio de sector e a colaboración das organizacións productivas do mesmo. Ademais, prevése tamén unha adaptación ó contorno socioeconómico concreto onde se realice a oferta do ciclo formativo.
- En relación á estrutura, tamén se produce unha variación con respecto ós módulos profesionais, xa que mentres estes están integrados por áreas, os ciclos están constituídos por unidades modulares. A razón desta nova organización dos ciclos formativos radica, fundamentalmente, en que a estruturación en bloques modulares é máis flexible, o que permite unha formación máis adaptada ás necesidades de cada individuo. Isto, ó mesmo tempo permite capitaliza-la formación (os módulos profesionais poden ser acreditados separadamente para alcanzar unha titulación

profesional), e facilitar, en consecuencia, a mobilidade profesional e a conexión coa formación profesional ocupacional.

Mediante a estrutura modular pretendese facilita-la validación e a correspondencia das formacións e aprendizaxes adquiridas nas diferentes modalidades de Formación profesional (e, mesmo, a través da experiencia laboral) regrada, ocupacional e continua. Deste xeito faise realmente efectiva a apertura do sistema educativo a recualificación da poboación adulta e traballadora.

As características fundamentais de cada ciclo formativo reflíctense nun documento base, que conta, esencialmente, cos aspectos seguintes:

- Identificación e referencia ó sistema productivo do título correspondente.
- Obxectivos formativos do ciclo: capacidades que os alumnos teñen que adquirir ó finaliza-lo ciclo.
- Denominación e duración do ciclo.
- Módulos profesionais que o compoñen e bloques temáticos fundamentais dos diversos módulos.
- Condicións de acceso: requisitos formativos, profesionais e de idade que se establecen para acceder a ese ciclo.

A formación profesional específica está ordenada horizontalmente en dous graos:

- Ciclos formativos de grao medio (nivel 2)
- Ciclos formativos de grao superior (nivel 3) cada un deles coas súas propias características de acceso e titulación.

Para o acceso ós estudos de formación profesional específica de grao medio será preciso que os alumnos estean en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria. Pero, tamén terán acceso a eles os alumnos maiores

de 18 anos que superen unha proba específica que acredite os coñecementos e habilidades suficientes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. Por outra parte, para acceder á formación profesional específica de grao superior será necesario estar en posesión do título de Bacharel, sendo preferible a concordancia das materias cursadas neste cos estudos profesionais ós que se accede. Así mesmo, poderán acceder mediante unha proba específica os maiores de vinte anos de idade. Esta proba deberá acreditar a madurez dos alumnos en relación ós obxectivos do bacharelato, e ás capacidades profesionais relativas ó campo profesional do que se trate. Desta última parte poderán quedar exentas aquelas persoas que acrediten unha experiencia laboral, que corresponda cos estudos profesionais que se desexen realizar.

Trala superación dos estudos de formación profesional específica de grao medio e de grao superior, obteranse os títulos de Técnico Auxiliar e de Técnico Superior respectivamente, da correspondente profesión. O título de Técnico permitirá o acceso directo ás modalidades de bacharelato pertinentes, establecéndose as oportunas validacións entre as ensinanzas cursadas e as de bacharelato. En tanto que, o título de Técnico Superior, facultará para o acceso directo ós estudos universitarios que se determinen, segundo sexa a súa relación cos estudos de formación profesional correspondentes.

Sen dúbida, unha das innovacións máis atraentes do novo modelo de formación profesional é a que se deriva do artigo 34.2 de la LOXSE, onde se di que *“o currículo das ensinanzas de formación profesional específica incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo”*. A presenza deste artigo na Lei supón o establecemento explícito da formación en centros de traballo, que debe de incorporarse de maneira obrigatoria, como un módulo profesional, ó currículo da formación profesional específica.

Tendo en conta a experiencia das “prácticas en alternancia”, que de forma voluntaria véñense desenvolvendo dende a Reforma Educativa, o módulo de formación práctica en centros de traballo pretende ser, dentro dun modelo máis próximo ó aprendizaxe, máis preciso e prescriptivo, cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación similares ás outras materias do currículo. Tódolos documentos, tanto previos como posteriores á LOXSE, coinciden en sinalar similares características para a formación práctica en centro de traballo, sendo

a máis relevante delas, a de desenvolverse nun ámbito productivo real, onde os alumnos poden observar e desempeña-las funcións e as actividades propias dos diferentes postos de traballo dunha profesión, así como coñece-la organización dos procesos productivos ou dos servicios e das relacións laborais, todo baixo a orientación dos titores designados a tal fin polo centro educativo e o centro de traballo.

En relación coa duración do módulo profesional de formación práctica no centro de traballo e da súa ubicación temporal no desenvolvemento do currículo do correspondente ciclo formativo, debe sinalarse que, de acordo co artigo 30.4 da LOXSE, onde se establece que os ciclos formativos terán *“unha organización modular, de duración variable”*, as horas de formación práctica en centro de traballo dependerán das esixencias do aprendizaxe derivadas da natureza da competencia profesional característica do título, se ben situaranse o redor do 25% do tempo de formación. Pola súa parte, en relación coa ubicación do módulo de formación práctica no centro de traballo, esta cursarase, preferentemente, ó finaliza-la formación teórico-práctica no centro educativo. Isto obedece, de acordo co expresado no informe do MEC, de 8 de febreiro de 1993, a que un dos obxectivos fundamentais do módulo de formación práctica no centro de traballo consiste precisamente en *“avalía-los aspectos máis relevantes da competencia profesional adquirida polo alumno, o que supón que este adquiriu previamente no centro educativo a formación para logra-la competencia profesional característica do título correspondente”* (MEC. Informe 8 febreiro 1993. “La Reforma de la Formación Profesional”. p.25).

Con anterioridade a promulgación da LOXSE á formación profesional viñaselle criticando a súa falta de adecuación ás necesidades de cualificación que demandaban os procesos productivos e o mercado de traballo, critica que se trata de solventar coa implicación da empresa no deseño do chamado currículo e no desenvolvemento dunha parte do mesmo nun centro de traballo.

Dende este momento o mundo da empresa española a través, basicamente, das organizacións patronais e sindicais, participou no deseño das grandes liñas da política formativa actual. A implicación empresarial nestas decisións é o elemento de garantía de que a nova política educativa ten en conta os requirimentos da empresa, pero tamén debe ter en conta as directrices da

Unión Europea para que os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade teñan o recoñecemento de tódolos países membros da Unión Europea e demais estados signatarios do acordo sobre o espazo Económico Europeo. Isto require crear un dispositivo que garanta o recoñecemento das cualificacións entre os diversos membros.

No noso país esta colaboración escola-empresa, pode desglosarse en tres etapas:

- **Inicial.**- O proceso de elaboración conxunta dos currículos dos títulos.
- **Desenvolvemento.**- A realización do módulo de prácticas na empresa, co obxectivo de remata-lo proceso formativo do ciclo cunhas garantías suficientes de calidade ó dar cumprimento o programa formativo do ciclo.
- **Avaliación.**- Esta colaboración, coa empresa, leva inmerso un obxectivo a longo prazo tremendamente importante que convén ter en conta que é no período de prácticas, que realizan os alumnos, cando teñen lugar os intercambios de información entre o sector educativo e sector o productivo.

A Formación en centros de traballo constitúe un dos eixes fundamentais da reforma da formación profesional regrada, Tódolos alumnos deste nivel de ensinanza deberán pasar de forma obrigatoria polo mundo laboral, e dicir, deberán cursar e superar un módulo práctico nunha empresa, tratase polo tanto dunha parte curricular do ciclo. Coa súa implantación, dáse un salto cualitativo nos programas formativos, na súa execución, na colaboración empresarial e na competencia dos novos profesionais.

A súa posta en práctica é un dos retos máis significativos da LOXSE, do seu resultado dependerá en gran parte a credibilidade da reforma da formación profesional.

A formación na empresa pretende darlle ó alumno a oportunidade real de aplica-lo aprendido nos centros educativos, así como de evidencia-las competencias adquiridas, en procesos productivos concretos e en situacións

laborais reais. Ademais estas estancias deben ter unha finalidade avaliadora, e dicir, deben dar a posibilidade de obter información da calidade da formación impartida nos centros educativos e do seu complemento na empresa , en definitiva, da adecuación do sistema os requirimentos productivos

Estes intercambios superan con moito a mera casuística das prácticas e a súa organización, converténdose nun dos soportes mais importantes para que o sistema formativo sexa flexible e dinámico. Garanti-la existencia dun fluxo recíproco de información e dialogo entre centros educativos e mundo empresarial presentase como un obxectivo básico da estadía dos alumnos nas empresas tomando como referencia tres aspectos fundamentais nesta colaboración: a formación dos alumnos, a produtividade dos traballadores e a competitividade das empresas.

A participación das empresas debe ampliarse ós ámbitos da formación do persoal docente, coa formación dos profesores nos centros de traballo e a realización doutras prácticas profesionais, a orientación profesional e a participación de profesionais cualificados do sistema productivo no sistema formativo.

Ademais nun contexto especialmente dinámico como o actual no que os avances tecnolóxicos son vertixinosos e continuos reforzase a necesidade de que o mundo empresarial asuma un papel fundamental como axente formativo xa que neste contexto é totalmente imposible que a escola cubra de forma eficaz e rápida tódalas necesidades que van demandando os sectores productivos; a capacidade de reacción dos centros educativos é lenta xa que dende que se detecta unha necesidade e se habilitan os medios necesarios para darlle unha solución, transcorre un tempo, mais ou menos longo que en moitos casos fan que estas medidas, pola súa tardanza, resulten ineficaces.

Por todo o exposto as administracións educativas deben seguir a facer un importante esforzo para manter esta colaboración co mundo empresarial e para convencelo das importantes vantaxes que ten para ambos esta colaboración: o sistema educativo evita o risco de encerrarse en si mesmo e a empresa pode acadar traballadores altamente preparados que cubran mellor as súas necesidades de man de obra cualificada.

O modelo mais elaborado de colaboración escola-empresa e sen dubida o chamado sistema dual que ven funcionando dende fai moito tempo en Alemania e noutros países de influencia xermánica con algunhas variacións. O sistema dual alemán circunscríbese á formación profesional de carácter regrado e nel os seus alumnos combinan formación académica e formación na empresa que ocupa algo mais de dous tercios do horario total de formación. Polo sistema alemán pasan preto do 70% dos xoves alemáns e nel participan un importante numero de empresas das que preto dun 20% son PEMES. Este sistema educativo mobiliza un alto numero de profesores, traballadores de empresa no papel de titores o que supón un gasto importante que na súa gran maioría esta soportado polas empresas participantes. Noutros países desenvólvense sistemas de formación en alternancia, todos eles coa característica común de simultanear, ou alternar, formación académica e formación na empresa.

Con independencia dos modelos de colaboración seguidos por cada país da Unión Europea e da existencia de modelos mais pechados ou mais flexibles a Unión Europea fomenta a extensión da implicación empresarial no desenvolvemento dos programas de educación e formación de forma que se cumpran unhas esixencias mínimas de eficacia traducibles en garantir un fluxo de beneficios para ambas partes

Un sistema inspirado nos principios de igualdade no acceso á formación profesional e de participación dos axentes sociais cos poderes públicos debe fomentar, como xa se expuxo, a formación o longo da vida, integrando as distintas ofertas formativas e instrumentando o recoñecemento e a acreditación das cualificacións profesionais non só a nivel nacional senón tamén a nivel europeo de cara a favorecer a libre circulación dos traballadores e profesionais no ámbito que supón a Comunidade Europea.

A tales efectos faise necesario a ordenación dun sistema integral de formación profesional que recolla os criterios da Unión Europea para o recoñecemento das súas cualificacións e cobren sentido os obxectivos de mercado único e libre circulación dos traballadores. Así crease un Sistema Nacional de Cualificacións coa idea de promover e desenvolver a integración das ofertas de formación profesional a través dun Catalogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Os estados europeos no ámbito da formación profesional, e ante os retos actuais constituídos pola globalización a sociedade da información e a civilización científica e técnica entre outros, deben ser capaces de elaborar unha cultura europea de formación e das cualificacións profesionais. Nesta liña ó modelo de formación profesional que xurde da LOXSE prantexaselle o problema de crear un Catálogo de títulos profesionais que garanta a validez destes no ámbito estatal e europeo, así como, dar resposta a dous obxectivos fundamentais:

- Atender ás actuais demandas de formación do sistema productivo.
- Defini-los procedementos que permitan manter permanentemente a adaptación das titulacións á evolución das profesións.

Ante a situación de que é imprescindible que exista unha clara correspondencia entre as cualificacións profesionais e as necesidades do mercado de traballo é a adecuación das cualificacións ós criterios da Unión Europea ó estado español presentaselle o problema de elaborar un Catálogo de Títulos Profesionais homologable a dos outros países da Unión Europea e que transcenda do ámbito de competencias das administracións educativas, o que explica a colaboración da administración laboral (INEM) e dos axentes sociais (asociacións patronais e sindicatos) na elaboración do referido Catálogo.

No deseño e concreción de cada familia profesional houbo unha presenza activa do sector productivo afín. Para cada familia profesional constituíronse grupos mistos nos que participaban as Administracións educativas e as laborais. Estes grupos realizaron estudos en profundidade dos distintos sectores (*estudios sectoriais*), especialmente das súas características económicas e sociolaborais, quedando así apuntada-las súas necesidades formativas básicas

Como consecuencia desta necesidade promulgouse a Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional que trata de poñer as bases para elaborar unha oferta de formación profesional acorde coas necesidades do mercado de traballo e coas cualificacións que este require segundo os criterios dictados pola Unión Europea. Esta Lei fixa dous conceptos básicos para entender a elaboración da oferta de formación profesional:

a) Cualificación profesional: Conxunto de competencias profesionais con significación para o emprego que poden ser adquiridas mediante formación modular ou outros tipos de formación e a través da experiencia laboral

b) Competencia profesional: Conxunto de coñecementos e capacidades que permiten o exercicio da actividade profesional conforme ás esixencias da produción e do emprego.

A metodoloxía de elaboración da oferta supón, polo tanto, unha garantía de coherencia coa demanda e de resposta ós retos da globalización ademais de dar unha formación coherente coas necesidades da empresa actual. Esta metodoloxía utilizada pode sintetizarse nas seguintes fases:

1. Estudio e caracterización dos sectores productivos.

O inicio do proceso ven marcado pola obtención da información que permita a identificación das necesidades de cualificación do mercado. Para o que, se estudian os diversos sectores da actividade económica e productiva e realízanse análises prospectivos que posibiliten a detección das ocupacións emerxentes en cada sector.

2. Identificación das necesidades de formación profesional e definición dos perfís profesionais dos títulos (elaboración dun repertorio de perfís profesionais).

- Nesta fase buscase identifica-las necesidades de cualificación e defini-los perfís profesionais dos títulos, tarefa que se encomendou ós *Grupos de Traballo de Formación Profesional* (grupos de traballo de expertos tecnólogos e educativos), que son os encargados de realizar unha análise funcional e prospectiva dos procesos de produción de cada área ocupacional, para identifica-los principais obxectivos da produción e defini-las actividades e as capacidades necesarias para alcanzalos.

- Os grupos de traballo deben proceder pois, primeiramente, a defini-las áreas profesionais, para pasar a continuación a defini-los perfís profesionais ou figuras profesionais. O conxunto de figuras

profesionais, definido en cada sector productivo, organizase verticalmente en dous niveis de cualificación (medio e superior) e horizontalmente en familias profesionais e en certos criterios de política educativa, relativos ó profesorado, espacio e medios didácticos. Finalmente, unha vez definidas en grandes liñas as competencias profesionais de cada título, pormenorízanse ata chegar a delimita-las unidades de competencia.

3. Identificación de saberes e definición da especificación da formación do título.

- Esta última tarefa ten como misión afondar, dende o punto de vista educativo, no perfil antes definido, para delimitar, precisar e ordenar toda a formación asociada a un título profesional, garantindo, ó mesmo tempo, a homoxeneidade necesaria nas titulacións (que xustifique o seu alcance estatal) e permitindo o exercicio competencial das comunidades autónomas no relativo ó establecemento do currículo.

- As características fundamentais de cada título profesional preséntanse especificadas no chamado Documento Base do Título, que contén a información básica relativa ó título, estruturada do seguinte modo:

A. Identificación.

- Denominación : nome do Título
- Nivel: grao de formación e cualificación, segundo os niveis establecidos pola LOXSE.
- Versións e modificacións: data da elaboración do Documento Base e revisións actualizadas.
- Competencia xeral: breve resumen do papel esencial da profesión, das súas funcións e actividades.

B. Referencia ó sistema productivo.

- Campo profesional. Comprende:

- Sectores económicos o de produción onde o titulado pode exercer a súa actividade profesional.

- Denominación das ocupacións máis significativas delimitadas no campo profesional.

- Perfil profesional do título. É a expresión da competencia profesional do título. Define a cualificación profesional. Componse de:

- As funcións e actividades que describen o que o titulado debe ser capaz de realizar en situacións de traballo.

- Os estándares profesionais, que describen os niveis de realización profesional que se precisan para desempeñar as funcións e as actividades. É dicir, concretan a capacidade profesional. A definición dos estándares debe permitir a súa avaliación.

C. Especificación da formación: ensinanzas mínimas.

Duración e denominación dos módulos profesionais do ciclo.

Obxectivos formativos do ciclo.

Contidos mínimos do ciclo.

Capacidades terminais, onde se definen os límites e niveis característicos da formación asociada ó título.

A oferta de estudos de formación profesional que xurde baixo estas premisas debe estar orientada a conseguir unha mellor adaptación en termos cuantitativos e cualitativos as necesidades do contorno socioeconómico. A aproximación dos sistemas formativos ós sistemas productivos (a conexión escola empresa) é outro dos trazos definidores da política europea en materia de Formación profesional. As apelacións da Unión Europea a unha maior implicación

das empresas no desenvolvemento dos sistemas de formación profesional é constante.

A nova Formación profesional específica esixe que as aprendizaxes obxecto de formación conduzan a perfís profesionais que se correspondan efectivamente coas cualificacións profesionais que demandan os sectores productivos. Tradicionalmente, as titulacións profesionais estiveron baseadas en programas curriculares estruturados en torno a coñecementos e destrezas que eran en si mesmos un fin, non nas súas aplicacións productivas.

Dun modo xenérico pódense deducir como trazos fundamentais que configuran o novo modelo de formación profesional los seguintes:

O establecemento dun único sistema de formación xeral e de formación profesional de base, impartido nunha rede unificada de centros de ensino secundario, a fin de preparar ós mozos para os estudos universitarios e para as saídas profesionais máis inmediatas.

A diferenciación da compoñente máis específica da formación profesional do sistema educativo, co obxectivo de alcanzar unha mellor interacción co mundo productivo, e que sirva de ponte entre o sistema formativo e o mundo do traballo.

A implantación dun sistema concibido globalmente, coa posibilidade de integrar tódalas formacións adquiridas fora do sistema escolar. O que supón, por unha parte a participación dos axentes sociais na elaboración da oferta de formación profesional e no desenvolvemento dunha auténtica “formación concertada” e, por outra, o establecemento dun sistema de correspondencias e validacións, facilitado a través da estrutura modular dos ciclos formativos, entre a formación ocupacional e a experiencia laboral e a formación profesional regrada.

Actualmente no noso país funcionan dos subsistemas de formación profesional:

- A **“regrada”**, que se inscribe no sistema educativo, dependendo do Ministerio de Educación e Ciencia e das Comunidades Autónomas con competencias plenas.
- A **“ocupacional”**, que se define como un subsistema do sistema de emprego, dependente do Ministerio de Trabajo - INEM (Instituto Nacional de Empleo) e dos concertos que se establezan cos Gobiernos Autónomos correspondentes.

Os cursos de formación profesional ocupacional (programas, escolas taller, casas de oficio, talleres de emprego) están orientados a capacitar para unhas ocupacións concretas. A súa razón de ser é a inserción profesional directa e inmediata naqueles empregos que previamente se consideran oportunos e viables. Por eso teñen unha duración variable: entre dúascentas e mil horas e un carácter de adestramento e de formación acelerada e intensiva.

Esta formación tendente á adaptación dos traballadores a unha actividade laboral determinada, mediante a impartición de cursos eminentemente prácticos, realízase en horarios e datas non acollidos ós calendarios escolares, e no caso de ser superados, dan lugar á obtención dun título profesional que habilita para o desempeño da actividade laboral correspondente.

O Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional é o marco dende o que se desenvolven e se impulsan tódolos programas e accións de formación para o emprego. A participación do Fondo Social Europeo (FSE) no seu financiamento permitiu multiplicar notablemente as súas accións, chegando a mobilizar importantes recursos humanos e económicos. Este Plan Nacional iniciase co acordo do Consello de Ministros de 30 de abril de 1985, e vense regulando anualmente a través das ordes ministeriais correspondentes; nelas fíxanse distintos programas de formación e inserción profesional que varían progresivamente segundo sexan os cambios do mercado de traballo.

É obvio que todas estas medidas teñen como finalidade a mellora da competitividade do mundo productivo, e esta está directamente relacionada, entre outras cousas, coa mellor cualificación dos recursos humanos, coa súa creatividade e iniciativa, cos seus coñecementos e aptitudes e coa súa

capacidade de aplica-los á mellora continua da produción, e todo esto pon no punto central á formación profesional.

A competitividade é unha esixencia e unha condición fundamental na supervivencia das empresas, nestes días estamos vivindo múltiples situacións de deslocalización de industrias en busca de mellorar custos para ser mais competitivos no mercado. Neste panorama inciden factores diversos, provenientes da explosión tecnolóxica doutros bloques mais dinámicos (Estados Unidos e Xapón, sobre todo), outros da asimilación de técnicas productivas avanzadas mediando niveis salariais moi inferiores (caso de China) e outros da combinación de ambos factores (Corea podería ser un exemplo). As empresas europeas teñen que afrontar desafíos crecentes, nun escenario onde as barreiras van caendo pouco a pouco e onde os obstáculos que aínda persisten son cada vez mais permeables á internalización efectiva da produción e, sobre todo, do consumo, o fenómeno da globalización económica está avanzando dunha forma que nestes momentos parece imparabile. As empresas europeas so poden enfrontarse a esta situación desde posicionamentos de calidade que pasan por unha man de obra altamente formada.

No actual panorama de globalización dos mercados de traballo a Unión Europea está moi comprometida na obtención dunha poboación activa cualificada e apta para a mobilidade e libre circulación dos traballadores cuxa importancia se resalta expresamente no Tratado da Unión Europea.

Nesta mesma liña están as manifestacións da Unión Europea de Empresarios que, dun xeito reiterado, advirte de que para afrontar os retos actuais as empresas necesitan traballadores con superiores niveis de cualificación e con ampla capacidade para responder ós cambios que se están a producir no mundo actual.

Así mesmo a Confederación Europea de Sindicatos, propón tamén, que tódolos países membros asuman un compromiso decidido pola calidade na formación dos traballadores.

A maior mobilidade e capacidade de adaptación dos profesionais facilitará unha resposta máis axeitada aos requirimentos do mundo productivo, permitindo ós traballadores enfronta-los novos retos e necesidades do mercado laboral dun xeito máis eficaz.

A mobilidade transnacional das persoas que desexan formarse permite a mellora das competencias sociais dos individuos. No ámbito profesional a mobilidade é un medio esencial para conseguir un ámbito de emprego que transcenda as fronteiras nacionais, xa que permite ós individuos adquirir coñecementos, competencias e cualificacións adaptadas a un contorno socio-laboral máis amplo.

Facer efectiva a libre circulación dos traballadores a través de todo o espacio socio laboral común da Unión Europea é un dos obxectivos mais decisivos para alcanza-la cohesión e integración social dos cidadáns europeos.

No marco europeo, os poderes públicos da Unión Europea veñen apostando dende hai tempo por unha política formativa comprometida co cambio. Dentro desta política, deberán xogar un papel clave as accións encamiñadas a:

- A adquisición de novos coñecementos
- O acercamento escola-empresa
- A loita contra a exclusión dos colectivos con maiores riscos de marxinación económica e social.
- O manexo de polo menos tres linguas comunitarias.
- A consideración efectiva da inversión formativa como unha verdadeira inversión.

Estes obxectivos xa se recollen no chamado Libro branco de Cresson (1995), sobre educación e formación, titulado AEnsinar e aprender. Cara a sociedade cognitiva@ e de novo volve a resaltarse a importancia que a Unión Europea lle da os estudos de formación profesional no borrador de Tratado polo que se establece unha Constitución para Europa, xa que na sección 50 dedicada

a EDUCACIÓN, XUVENTUDE, DEPORTES E FORMACIÓN PROFESIONAL, que consta de dous artigos, un deles está dedicado a educación en xeral e o outro trata en exclusiva á formación profesional, e dicir, dedícalle o mesmo espacio a toda a educación que a formación profesional.

O artigo III-283 que a Constitución Europea lle dedica a formación profesional establece:

1) A Unión desenvolverá unha política de Formación profesional que apoie e complementa as accións dos estados membros, respectando plenamente a responsabilidade dos mesmos en canto ó contido e a organización de dita formación

A acción da Unión terá por obxecto:

- a) Facilita-la adaptación ás transformacións industriais, en particular mediante a formación e a reconversión profesionais.
- b) Mellora-la formación profesional inicial e permanente, para facilita-la inserción e reinserción profesional no mercado laboral.
- c) Facilita-lo acceso a formación profesional e favorece-la mobilidade dos educadores e das persoas en formación, especialmente os dos mozos.
- d) Estimula-la cooperación en materia de formación entre centros de ensino de formación profesional e empresas.
- e) Incrementa-lo intercambio de información e experiencias sobre as cuestións comúns ós sistemas de formación dos estados membros.

2) A Unión e os estados membros propiciaran a cooperación con terceiros países e coas organizacións internacionais competentes en materia de formación profesional.

3) Para contribuír á consecución dos obxectivos mencionados no presente artigo

a) A lei ou lei marco europea establecerá as medidas necesarias, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros. A lei ou lei marco adoptarse previa consulta ó Comité das Rexións e ó Comité Económico e Social.

b) O Consello adoptará recomendacións a proposta da Comisión

Do exposto neste artigo III pode inferirse que a formación profesional constitúe un elemento específico importante no cadro das políticas de desenvolvemento para os gobernos da Unión Europea, e esta afirmación no é retórica, senón unha necesidade para promover a innovación e a competitividade económica das empresas europeas.

En aras da mellor formación dos mozos e mozas dictase a Resolución do Consello da Unión Europea, do 5 de decembro de 1994, sobre calidade e atractivo da ensinanza da formación profesional na que se destaca a necesaria intensificación dos períodos de formación noutros estados membros, así como a integración destes períodos nos programas nacionais de formación.

A decisión do Consello da Unión Europea, do 21 de decembro de 1998, relativa á promoción de itinerarios europeos de formación, volve a reiterar a necesidade de promover a mobilidade dos estudantes recomendando a creación do documento AEuropass-Formación@, destinado a certificar no ámbito comunitario os períodos de formación desenvolvidos noutros estados membros co obxectivo de facilitar a mobilidade laboral no ámbito comunitario. Esta especie de pasaporte incluírá tódolos datos relativos á formación académica e profesional dos demandantes de emprego (títulos, coñecementos de idiomas, experiencia laboral...). El Europass consta de cinco documentos, cun formato común en tódolos países da Unión Europea. El comisario de Educación, Formación, Cultura y Multilingüismo, Ján Figel, espera que, no ano 2010 o usen tres millóns de persoas.

Este documento pretende eliminar trabas ó tramite que supón elabora-lo expediente académico e laboral e unifica-los criterios á hora de detalla-lo currículo dos cidadáns comunitarios e facilitar, así, a súa mobilidade laboral en Europa.

Tomando como base estes obxectivos a Unión Europea volve a por de manifesto o seu interese por impulsa-la formación profesional, e así, a través do Consello Europeo, aproba en 1994 o programa Leonardo da Vinci de acción para a aplicación da política de Formación Profesional da Comunidade Europea, que integra a práctica totalidade dos programas comunitarios relacionados coa formación profesional. Este programa que neste momento esta na súa segunda fase, período 2000 a 2006 e segue a ser un claro expoñente das medidas que se deben adoptar para a mellora continua e o impulso da formación profesional.

Neste mesmo obxectivo pode englobarse outra iniciativa comunitaria para este mesmo período 2000-2006, que nace coa pretensión de que as fronteiras nacionais non sexan un obstáculo para o desenvolvemento equilibrado e á integración do territorio europeo, esta iniciativa denomínase INTERREG III publicada no DOCE de 23 de xuño de 2000 co fin de fomentar un desenvolvemento harmonioso e equilibrado do territorio europeo pero con especial énfase nas zonas fronteirizas. Así establececese como obxectivo básico da nova fase de Interreg o reforza-la cohesión económica e social da Comunidade fomentando a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional e o desenvolvemento equilibrado do seu territorio.

No programa Interreg III enmárcanse importante proxectos de colaboración entre as zonas fronteirizas de Galicia e do norte de Portugal coa idea de levar a cabo accións de interese común, que minoren o illamento destes territorios que mellore a xestión dos seus ecosistemas e a cohesión mediante a cooperación tansnacional.

Como conclusión podemos dicir que á formación profesional actual presentaselle un importante reto que é tratar de dar solución a dous dos problemas básicos que ten prantexados a Unión Europea que son:

- A necesidade de mellora-la competitividade do seu mundo productivo, ante o forte empuxe que están conseguido as economías doutros países de fora do seu contorno.

- Facer efectiva a libre circulación dos traballadores dentro da comunidade.

Problemas estes que só poden ter solución coa mellor cualificación dos seus recursos humanos a través dunha formación que lles facilite unha ampla capacidade para responder ós cambios que se producen neste mundo actual, a unha velocidade vertixinosa e ademais esa formación debe ir acompañada do recoñecemento e acreditación das correspondentes cualificación non so a nivel de cada pais senón tamén a nivel europeo para facilita-la libre circulación dos traballadores.

O INTERCAMBIO

VISITA A VIANA DO BOLO

Susana Dantas, Cristiana Fernandes e Cidália Fernandes
10º Ano, Turma A da Escola EB23/S de Arcozelo
Ponte da Lima. Portugal

Neste trabalho vou resumir a visita de estudo ao IES “Carlos Casares” de Viana do Bolo, nomeadamente como foi e o que fomos visitar durante os três dias que passamos em Espanha.

No dia 16 (terça-feira) concentrámo-nos todos junto a portão da escola de Arcozelo às 9:00 e quando partimos rumo à Espanha eram 10:00 horas.

A viagem foi longa, cerca de 3 horas; durante esse tempo conversámos, jogamos às cartas, ouvimos música, etc.

Chegámos ao IES “Carlos Casares” de Viana do Bolo eram 15:00 horas (espanholas) e fomos almoçar à cantina da mesma escola. Depois do almoço fomos dar uma volta pela escola para a conhecer e também conhecer os alunos que a frequentam.

Por volta das 16:00 horas, em pequenos grupos de 4/5 elementos, fomos assistir a várias aulas dos nossos colegas espanhóis.

Seguidamente fomos para o edifício do Bacharelato onde se deram os actos de boas-vindas e no fim fomos fazer uma visita pela zona histórica de Viana do Bolo.

As 19:00 horas tivemos a recepção na casa do concelho onde, depois de um pequeno discurso, nos entregaram uma t-shirt. Mais tarde, por volta das 20:30, os alunos da nossa escola jogaram futebol contra alguns alunos da outra escola; o resultado não foi muito favorável para nós porque perdemos 9-2 e as nossas colegas ficaram um pouco desanimadas.

Depois fomos para o hotel que ficava um bocado longe da escola (cerca de 19 km) onde fomos jantar cerca das 22:00 horas e subimos para os quartos ao fim do jantar (mais ou menos 00:00h).

No dia 17 (quarta-feira) tivemos que nos levantar às 8:00 horas (7h em Portugal) para tomar banho e tomar o pequeno-almoço, porque os nossos colegas espanhóis estavam à nossa espera às 9:30 horas.

Saímos do hotel e fomos para Puebla de Sanábria, onde fomos conhecer alguns monumentos, fomos para o Centro de Interpretação Ambiental de S. Martín de Castañeda onde nos mostraram o projecto e como é formado um dos maiores glaciares do mundo.

Das 13:00 às 15:00 horas fizemos uma caminhada pedestre pelo lago da Sanábria, onde nós almoçamos. Por volta das 16:00 fomos à aldeia transfronteiriça de Rio de Onor onde estivemos a fazer um inquérito sobre como

aquelas pessoas que viviam entre a fronteira de Portugal e Espanha fazem para resolver os problemas sociais. No fim fomos acabar de conhecer a zona histórica de Puebla de Sanábria.

Fomos jantar pelas 22:30 horas num restaurante de Viana do Bolo, e de seguida tivemos uma festa de recebimento num bar da cidade. Fomos para o hotel às 00:30 horas e caímos na cama todos cansados porque andámos muito.

Dia 18 (quinta-feira) tivemos que nos levantar às 7:00 horas para tomar banho, fazer o sacco para pôr no autocarro e tomar o pequeno-almoço. Partimos com os nossos colegas espanhóis em direcção às Medulas do ouro (onde também andamos muito) em Borrenes, León, que foi declarado Património da Humanidade.

Cerca das 13:30h almoçámos e em seguida tivemos um magusto. Saímos de Espanha era 15:00h e chegamos a Portugal às 18:00.

Conclusão

Gostamos muito desta visita de estudo, porque foi muito divertido e aprendemos muitas coisas novas.

O que menos gostamos foi de andar muito.

Acho que visitas de estudo como estas deviam de ser organizadas muitas mais vezes, porque são importantes para incentivar os alunos a continuarem na escola.

A viagem foi muito divertida.

UNHA VIAXE A PONTE DA LIMA

*Alumnos de 4º da ESO
IES Carlos Casares. Viana do Bolo*

PRIMEIRO DÍA EN PORTUGAL

25 de novembro

Saímos de Viana ás 10:30 da mañá. Manolo, de Autos Bibeí, era o noso conductor e acompañaríanos durante os tres días. A viaxe prometía ser longa ata Ponte de Lima, pero programáronse algunhas paradas para facela máis levadeira. A primeira foi en Ribadavia para almorzar e dar un paseo. Ao mediodía desvíamonos da ruta para ir a A Garda e ver o monte de Santa Tegra. Era altísimo; desde alí podían verse as aldeas diminutas a ámbalas beiras do Miño e a súa desembocadura, que terminaba nun mar inmenso. Xantamos e entramos no museo arqueolóxico. O máis interesante eran os petroglifos celtas que se atoparan nas escavacións realizadas no castro celta, que tamén está no monte Santa Tegra que visitamos máis tarde. Había tamén pezas prehistóricas, moedas, vasillas de barro e cristal e xoias da época romana.

Entramos en Portugal por Valença do Minho e desde alí ao noso destino. Chegamos ao Instituto de Arcozelo sobre as cinco da tarde. Tivemos un gran recibimento; os compañeiros que estiveran con nós en Viana esperábanos á porta e tamén os profesores Raquel Rocha, Zita Barros, Manuel Amorim, Gaspar Rocha e Hélio Vilas. Invitáronnos a uns aperitivos no comedor do colexio. Dirixímonos máis tarde á biblioteca onde nos deron a benvida oficial, presidida por Carlos Cunha, Manuel Amorim, David Sousa e Gaspar Rocha; tamén falou o representante de alumnos do centro Mário Soares. Agasalláronnos cun recordo da vila: un bandeirín feito por eles no que aparece unha fotografía de Ponte de Lima e unha pequena bandeira co anagrama do Agrupamento de Escolas de Arcozelo. Ao rematar o acto, leváronnos á aula de informática para ensinarnos a crear unha páxina web.

Ao saír do centro, leváronnos ao Hotel Imperio do Minho, onde nos hospedariamos na nosa visita. Situábase nun lugar privilexiado, á beira do río Limia, (lugar que por indicación do noso Xefe de Estudios algúns tiveron que visitar a horas intempestivas) e desde alí as vistas eran fermosas. Deixamos a equipaxe e fomos á discoteca do hotel, onde nos tiñan preparada unha festa.

Ceamos no restaurante San Nicolau. Compartimos comedor cos alumnos do IES A Cañiza que tamén estaban nun proxecto INTERREG. O menú era especial; tratábase dunha comida tradicional do norte de Portugal, arroz de sarrabulho, que consistía nunha sopa de arroz e sangue acompañada de diversos tipos de carne preparados e condimentados de distintas formas. Volvemos cedo ao hotel para descansar: estabamos esgotados.

SEGUNDO DÍA EN PORTUGAL

26 novembro 2004

Despois dun longo día de actividades, conseguimos durmir unhas horas no hotel. O espertador soou moi cedo, ás 8, pero nunha hora xa tiñamos almorzado e dirixímonos cara á escola onde quedamos cos nosos compañeiros portugueses, que facendo de perfectos anfitrións nos acompañaron ás Lagoas de Bertandos.

Ás 10 da mañá entramos no centro de interpretación das Lagoas; había un pequeno museo que recollía obxectos que dalgunha maneira tiñan relación co hábitat que iamos ver: unha canoa, un carriño de golf, unha báscula onde podías ver a equivalencia do teu peso en auga, plumas de distintos paxaros, niños...

Recibíronnos os guías que máis tarde ían acompañarnos nun fermoso paseo. Antes de saír, proxectaron unhas imaxes de Ponte de Lima, a súa zona antiga e o seu entorno. Fixemos dous grupos pequenos de visita, porque era imprescindible evitar o impacto ambiental debido ó ruído, xa que de producirse molestariamos ós animais que alí viven e non poderíamos velos.

Nas Lagoas distínguense dúas zonas, unha de cultivo onde se sementan patacas e millo e outra forestal. Os labregos cortan árbores para que estas non cubran os lameiros e deste xeito evitar que marchen as aves. Predominan dous tipos de árbores, o carballo e o salgueiro, especies que tamén se dan en zonas de Galicia preto de nós, como Xinzo de Limia, xa que se trata do mesmo río. Tamén hai moitos eucaliptos, aínda que queren substituílos por castiñeiros, xa que as follas caídas degradan o solo. Podemos atopar tamén algunhas plantas curiosas como a drosera, que é unha planta insectívora. As augas van comezando a cubrirse doutra planta gramínea, a molinea, que obstaculiza o paso da luz e impide que medren outras como a flor de loto, de aí que se propoñan acabar con ela. En canto ás especies animais que habitan nas Lagoas, son moi variadas: lontra, barbadía (paxaro picapeixes), corzo, ra ibérica, anguía, lamprea...

O parque ocupa 50 hectáreas de 360 existentes, xa que as restantes son de pequenos propietarios. Só atopamos dúas construcións, unha ponte e máis un muíño, xa que ó ser unha zona moi húmida é difícil edificar. Ata hai dous anos, podíase cazar no parque, ata que foi declarado zona protexida.

Se hai algo que sobresae especialmente na súa fauna, é a cantidade de aves distintas que podemos atopar: pato real, pato trompeteiro, garza real, garza branca... Tivemos a oportunidade de velos desde un dos observatorios que hai nas rutas. Neste preciso instante están a traballar para ampliar o espacio das aves, con espazos secos ou húmidos para ver cales son mellores para as especies que alí estacionan.

Ó acabar a ruta, algúns compramos recordos das Lagoas e tomamos un refresco. Despois marchamos todos xuntos comer o colexio. As cousas alí son algo distintas, era como un autoservicio e as cociñeiras poñíannos a comida nos pratos, podías sentar en calquera das mesas e, ó rematar, ti mesmo recollías as cousas e as poñías para lavar.

Pola tarde esperábanos unha actividade que a moitos nos daba un pouco de respecto, pero que nos emocionaba, descenso do río Limia en canoa. Como non todos quixeron embarcarse na aventura, os que non se apuntaron foron ata o punto onde se supoñía que remataba o percorrido para esperarnos, e nós fomos a unha zona de rápidos río arriba para comezar o descenso, onde nos agardaban algúns monitores de piragüismo. Eliximos canoa, puxemos os chalecos salvavidas e a auga. Os primeiros rápidos foron emocionantes e rematamos coa auga ata a cadeira porque saltaba por riba da canoa. Non tiñamos nin idea de cómo remar, pero pouco a pouco fomos dominando a situación. Algún quedou encallado nas pólas da beira porque a corrente era moi forte e non dominabas a canoa. Despois de catro quilómetros moi divertidos chegamos á fin da viaxe, pasando por debaixo da ponte romana que dá nome á vila.

Dirixímonos ó restaurante a cear e ás 21:30 fomos ó teatro da cidade para presenciar un precioso espectáculo de maxia protagonizado por Luís de Matos. Ó seu remate, alá polas 23:00 fomos a unha festa no pub do hotel Imperio do Miño, no cal eramos hóspedes. E ás 00:30 volvemos as habitacións para durmir un anaco.

ÚLTIMO DÍA EN PORTUGAL

27 de novembro

Erguémonos ás 8:30 e baixamos almorzar. Levamos a equipaxe ao autocar e demos unha volta pola feira que había na praia, xunto do hotel.

Agardábanos o profesor José Pacheco que fixo de guía para acompañarnos a unha visita turística por Ponte de Lima. Fomos polo paseo fluvial, a Avenida Luís Filipe, que debe o seu nome a este rei xa que no 1900 se creou esta alameda na súa honra. Chegamos ata unha igrexa de estilo barroco que estaba na beira do río, a capela de Nossa Senhora de Guia (s. XVII). Atravesamos a Ponte Nova e chegamos ao Parque do Arnado, un espazo moi curioso porque no recinto había distintos modelos de xardín segundo a época: romano, labirinto, renacentista, barroco...

Volvemos cruzar o río Limia para seguir a visita, esta vez pola ponte romana: trátase dunha reconstrucción románica do s. XIV do que fora a ponte romana do s. V e da que se conservan os piares e algún arco. Constitúe a imaxe característica da vila: a ponte de pedra sobre o río. Cando alguén cruza a ponte para entrar de novo en Ponte de Lima, dáse conta do integrado que está o río na vida da cidade: paseos, parques, entorno natural, actividades fluviais... fan que esta cidade se estenda máis alá das marxes do río e lémbra-nos a outras que tamén se afiuzaron na Idade Media: cidades galegas, castelás...

Dentro da zona antiga, visitamos a xudería, a torre da Cadeia (s. XIV), A Capela da Nossa Senhora da Penha de Francia, onde ían rezar os presos que estaban no cárcere; vimos polas rúas mosaicos conmemorativos de episodios históricos da vila, como o do río do Esquecemento, que nos é tan coñecido pola historia de Xinzo de Limia, e algunhas fachadas góticas e manuelinas.

Rematamos a nosa visita na Câmara Municipal, onde nos esperaba o Vereador de Cultura de Ponte de Lima, Franclim Sousa, que nos obsequiou cun libro sobre a historia de Ponte de Lima. Nós agasallámolo cun boteiro, personaxe principal do Entroido vianés.

Arredor das 14:30 fomos xantar e, á saída, dirixímonos a un parque; alí despedímonos dos nosos compañeiros e dos seus profesores e fixemos un intercambio de regalos: Eles ofrecéronnos unhas botellas de vinho verde e pasteis típicos e nós unhas bicas, doce típico de Viana e uns vianos.

Na viaxe de volta falamos pouco; foran tres días moi intensos e alí deixáramos a amigos e compañeiros.

Aínda que este artigo fixémoslo algúns alumnos de 4º ESO e do Programa de Garantía Social: Víctor M. Afonso Paradelo, Patrick Fernández Vuilly, Julio Prieto Fernández, Sandra Rodríguez Barja e Guillermo Rodríguez Díez, queremos deixar constancia de tódalas persoas que puidemos gozar desta viaxe xuntos:

Alumnos: Víctor M. Afonso Paradelo, Nadia Ahmad-Nimer Ávila, Tamara Barreira Fernandes, Rocío Basalo Blanes, Sandra Basteiro Álvarez, Tara Canado Yáñez, Mónica Carreira Rodríguez, Rubén Castaño Carballo, Diana Claveria Alves, María Domínguez Guerra, Alicia Fernández Domínguez, Sherezade Fernández Placín, Natividad Guerra García, Raquel Iglesias González, Sonia Pereira Gago, Jesús Pérez Domínguez, Alicia Prado Puente, Marcos Rodríguez Álvarez, Belén Rodríguez Fernández, Alba Rodríguez Sabín, Soraya Rodríguez Valle, Pilar Soto Sánchez, Sara Yáñez García, Benito Yáñez Vázquez.

Profesores: Luis Fernández López, Carlos Ferreiro González, Antonia Roncero Martín, Bieito Seivane Tapia.

AS NOSAS REALIDADES MEIO AMBIENTE

Raquel Rocha
Professora da Escola EB 23/S de Arcozelo.
Ponte da Lima - Portugal

O Agrupamento de Escolas de Arcozelo situa-se no Concelho de Ponte de Lima, na margem direita do Rio Lima. Os principais afluentes situados neste concelho são o Rio Estorãos e Labruja, a Norte, e o Rio Trovela, a sul. Sob ponto de vista geológico, os solos são predominantemente de origem granítica, embora exista uma longa faixa xistosa que atravessa o concelho. Junto às margens do Lima encontram-se alguns aluviões.

O património natural do vale do Lima pode ser considerado um vasto mosaico de extrema importância em termos biológicos. De facto, integra um património natural único, ou seja, inclui zonas tão diversas como o Parque Nacional Peneda-Gerês, a Área Protegida das Lagoas de Bertandos e S. Pedro de Arcos, zonas dunares na orla marítima, sapais, entre outras, sendo as duas primeiras partes integrantes da Rede Natura 2000.

O Concelho de Ponte de Lima mantém ainda muita da sua ruralidade e o património natural encontra-se razoavelmente preservado. A superfície florestal ocupa cerca de 50% da área geográfica. Aí poderemos encontrar áreas montanhosas, de afloramentos rochosos ou com um coberto vegetal rasteiro, arbustivo ou herbáceo. Quase sempre as florestas aparecem como manchas verde escuro onde predomina o pinheiro bravo (*Pinus pinaster*), embora com bastantes manchas de eucaliptais (*Eucaliptus globulus*). Em alguns locais ainda se pode observar alguns carvalhos (*Quercus robur*) (floresta típica). O resto da superfície do concelho reparte-se entre superfície agrícola (cerca de 36%) e superfície urbana (cerca de 11%).

Na área pedagógica do Agrupamento de Escolas de Arcozelo, mais precisamente nas freguesias de Bertandos, S. Pedro de Arcos, Estorãos, Moreira de Lima e Sá, situa-se a Área Protegida das Lagoas de Bertandos e S. Pedro de Arcos. Dispondo de uma área de cerca de 350 hectares, desenvolve-se na área envolvente às lagoas de água doce temporárias ou sazonais de S. Pedro de Arcos e nas margens do Rio Estorãos. Estas lagoas, que englobam habitats tipo de uma zona húmida continental, inserem-se num sistema essencialmente lacustre com predominância de vegetação aquática emergente não persistente. Nesta zona protegida pode-se encontrar áreas de veiga e pastagens, florestas de espécies autóctones, floresta de produção, vinha, lagoas, área das tapadas ao abandono e área das tapadas onde se pratica agricultura. Até ao momento já foram identificadas cerca de setecentas espécies de flora e fauna, sendo que oitenta espécies vegetais são raras ou estão em vias de extinção local. A floresta autóctone é constituída essencialmente pelo salgueiro (*Salix* sp.), amieiro (*Alnus glutinosa*), vidoeiro (*Bétula pubescens*) e carvalho (*Quercus robur*). Na floresta de produção predominam as coníferas (*Pinus pinaster*) e os eucaliptos (*Eucaliptus globulus*). Em termos faunísticos, destaca-se a lontra (*Lutra lutra*), a rela (*Hyla arborea*), a rã-ibérica (*Rana iberica*), sapo-parteiro (*Alytes obstetricans*), o lagarto-de-água (*Lacerta schreiberi*), a cegonha-branca (*Ciconia ciconia*), o falcão-peregrino (*Falco peregrinus*), a cotovia-dos-bosques (*Lullula arborea*), o pato-real (*Anás platyrhynchos*), a galinha-de-água (*Gallinula chloropus*) e o guarda-rios (*Alcedo atthis*). Durante o período estival encontram-se algumas espécies migradoras como a garça-vermelha (*Aedea purpúrea*) e o noitibó-cinzento (*Caprimulgus europaeus*).

Sendo considerada um ecossistema com grande interesse ecológico e paisagístico, a Área Protegida das Lagoas de Bertandos e S. Pedro de Arcos, constitui ao mesmo tempo um importante instrumento de educação ambiental e por isso um recurso educativo imprescindível para melhor conhecer e preservar o ambiente natural da nossa região.



Imagem 2: passadiços nas lagoas

A Escola de Arcozelo está integrada num Projecto Internacional de Educação Ambiental, Internacional Eco-schools (Programa Eco-escolas). Nos dois anos lectivos anteriores foi premiada com o Galardão Eco-escolas pelo seu meritório trabalho desenvolvido na área do ambiente em torno dos temas-base resíduos, espaços exteriores e biodiversidade..



(Entrega da bandeira verde: Santo Tirso, Outubro de 2004)

FOTOGRAFIAS na escola...

Relacionadas com o dia mundial do ambiente



PAISAXES DE VIANA

*Carlos Araújo Vázquez
Eric Fernández Placín
Alumnos de 2º Bacharelato
IES Carlos Casares. Viana do Bolo*

A paisaxe da comarca de Viana do Bolo é moi rica en especies tanto animais como vexetais. Ante esta gran variedade paisaxística, cómpre destacar de entre toda a comarca os seguintes espazos:

O pico de Pena Trevinca (2124 m de altitude) encóntrase rodeado de vales de orixe glaciar, dalgúns dos mellores ecosistemas subalpinos de Galicia e encerra pequenas xoias botánicas como o Teixedal de Casaio, pequeno bosque monoespecífico de teixo. O tipo climático é Mediterráneo fresco, cun réxime de humidade Mediterráneo húmido. Os solos son de textura lixeira, ácidos ou moderadamente ácidos en pequenas zonas illadas, e cun contido medio ou alto de materia orgánica.

En tanto á flora, a queima de antigos bosques de bidueiro e carballo deu paso a un mosaico multicolor de toxos, breixos e arandos. Nos vales máis inaccesíbeis agóchanse bosques únicos como o Teixedal de Casaio, un dos mellor conservados do estado. Ademáis da masa pura de teixos, conta tamén cun interesante estrato arbústico de acebo.

No que respecta á fauna o lobo é habitual nun dos espazos naturais de Galicia, buscando as súas presas entre xabaráis e corzos. Unha gran variedade de águías entre as que destacan a águia real, bufo real, falcón peregrino. Tamén podemos achar, pero con máis escaseza, ó gato montés.

O Parque Natural do Monte do Invernadoiro é un dos espazos protexidos máis novos de Galicia, situado na serra de Queixa limitada polo norte coa vila de A Pobra de Tives, e polo sur co encoro de As Portas. A superficie do Invernadoiro é de 5.500 has. Ocupa as xeografía da cabeceira do regato de Casarelo e é un importante refuxio de cervos, corzos, gamos, muflóns e cabras montesas. As características xeolóxicas do espazo natural aportan elementos paisaxistas de notábel interese destacando unhas curiosas formacións graníticas chamadas bolos, que son pegadas da última etapa glaciaria nas coutas superiores das serras ourensáns. A mediados dos anos 50 os montes do Invernadoiro, antigo señorío feudal de nobres e eclesiásticos, pasan á propiedade da Papelera Española S.A. empresa que inicia as primeiras grandes repoboacións forestais que completan a súa excelente riqueza florística. Nembargantes, no verán de 1981 un impresionante incendio reduciu a cinzas a fermosa reserva forestal. En 1984 son adquiridos pola Xunta de Galicia que os declara Refuxio de caza e pesca. Desde xuño de 1977 contan coa categoría de Parque Natural.

No que respecta á flora, o carácter fronteirizo do clima maniféstase na presenza de bosques de carballo, carballo albar (clima continental) e carballo meloxo (clima mediterráneo) nos que é frecuente a presenza de acebo. Tamén aparecen xestas fémeas, amarelas e brancas, ademais de piornos, uces brancas e fentos comúns.

No referido á fauna existe unha poboación estable de polo menos 12 exemplares de lobo que, ó contrario doutros grupos oportunistas que cazan animais domésticos, depredan sobre as poboacións de corzo e xabaril. O leirón

cincento atopa nesta zona o seu límite meridional de distribución en España, ademais da donicela, o raposo e o porco-teixo. Destaca a presenza de garduña, marta e armiño. A lontra é frecuente nas ribeiras dos ríos, así como a anguía e a boga. A avifauna é excepcional, dúas parellas de águas reais empregan este espazo como zona de campeo, compartindo protagonismo co falcón peregrino, águia culebreira ou aguilucho. Tamén atopamos a perdiz rubia, a charrela, o paspallás, o cuco común, a coruxa común e o corvo carnazal.

Mais cerca xa da vila de Viana atopamos os ricos terreos minerais de Penouta dos cales se extraían tantalita, wolframio e estaño. Estes xacementos fixeron posíbel a construción dunha mina, a cal lle supuxo á comarca unha importante fonte de ingresos, o peche da mina fixo que se creasen varias lagoas fermosísimas, en Sta Mariña de Froxais podemos achar un forno de cal feito nunhas fragas á beira da estrada, de entre 4 e 5 m de profundidade.

Preto de Penouta encóntrase Paradela, na cal encontramos uns muíños perfectamente restaurados. A uns 4 ou 5 km de Viana está Fradelo, onde se atopa un sarcófago árabe

Tamén destacan como ricos terreos en minerais a zona de Caldesiños, onde destacan as chamadas Médulas, terreos arxilosos nos cales os antigos romanos extraían ouro.

Tamén podemos destacar no que respecta ós niveis de desenvolvemento da zona as diversas minicentraís hidroeléctricas. A primeira destas centrais é a chamada Electra de Pradocabalos ubicada no pobo de Pradocabalos. A construción desta central debeuse á riqueza conseguida por uns emigrantes do pobo en EE.UU. Unha vez de volta no seu pobo de orixe, estes dous emigrantes chamados Antonio Fernández Estévez e Francisco Estévez Fernández invertiron eses cartos na construción da central na cal se achaba unha turbina de 80 CV de potencia (cambiada en 1950 por unha de 100 CV) e un alternador de 40 Kva. Esta central con 9 km de liña de media tensión abastecía ós pobos de Pradocabalos e A Gudiña ata 1960. En 1950 comezou a abastecer bares e pequenas industrias de 10 da mañá a 4 da tarde facturando 5000 V en media tensión e 125/70 V en baixa tensión.

A outra minicentral, que abastecía a vila de Viana só pola noite, foi fundada por Xoán Manuel Arias en 1914. A central posuía un só transformador e unha turbina de 25 CV de potencia e o igual que a Electra de Pradocabalos facturaba 5000 V en media tensión e 500/150 V en baixa tensión.

Unha central de gran importancia pola cantidade de pobos que abastecía (Prada, Meda, Alberguería e Lamalonga) foi fundada por Amancio Prada Tato. A central tiña tres transformadores, 6 km de liña de media tensión e facturaba 5000 V en media tensión e 220/110 V en baixa tensión. Foi anegada en 1961 ó construírse o embalse de Prada pola empresa Moncabril (pertencente actualmente a compañía eléctrica Endesa Xeración).

A empresa eléctrica de Alberguería, hoxe ubicada no concello de A Veiga, abastece a un total de trinta e tres pobos do mesmo concello. A eléctrica de Pradocabalos e a Industrial Vianesa foron absorbidas en 1970 por Fenosa (hoxe Unión Fenosa)

Outro aspecto no tocante ó desenvolvemento da comarca son os cinco fornos de pedra caliza ubicados na aldea de Seoane de Arriba, construídos por Francisco Estévez, chamado “ O Caleiro”, debido a que el surtía de cal a practicamente toda a comarca. A canteira da cal se extraía a caliza tamén se encontra en Seoane.

Para finalizar destacamos a fermosa vista das cascadas de Vilaseco, observábeis desde a estrada de Sever á altura de Dradelo. As cascadas teñen unha altura de aproximadamente entre 10 e 20 m.



O NOME DO NOSO INSTITUTO

M^a Isabel Gil Cacheiro
Profesora de Lingua Galega e Literatura
IES Carlos Casares. Viana do Bolo

O curso pasado o Claustro de profesores do entón IES Viana do Bolo decidimos poñerlle ao noso Centro un nome propio, pois só contaba coa denominación toponímica. A elección foi unánime: Carlos Casares. As razóns que nos levaron a tomar esta decisión foron que Casares, ademais de escritor ourensán, traballou como profesor en Viana do Bolo, acontecemento do que se cumprían 35 anos. Esta nova denominación quere ser unha homenaxe a este grande autor e persoa moi querida entre os galegos. A iniciativa partiu dos Seminarios de Linguas do IES que levaron esta proposta ao Claustro de profesores, sendo aprobada o 16 de febreiro e publicada oficialmente no DOGA do 28 de xuño.

DATOS BIOGRÁFICOS

Carlos Casares naceu en Ourense en 1941. Estudou na facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela. Exerceu a docencia en Viana do Bolo, Bilbao, Cangas e Vigo. Nesta cidade faleceu en marzo de 2002.




Estreouse como escritor en 1965 cando publicou os seus primeiros relatos na revista Grial. Desde entón as súas publicacións sitúano entre os máis importantes autores da literatura galega actual.

A súa obra narrativa está composta de contos e novelas. El mesmo se define como un grande lector e un narrador oral; como alguén que ten unha visión puramente narrativa da vida.

Dinos Casares que a el lle gustaba contar as cousas máis que analizalas. Prefería, sobre todo, o relato breve de autores estranxeiros como Camus ou galegos como Cunqueiro. Gustáballe crear contos en galego. Vía o mundo desde unha perspectiva realista, de maneira diferente a outros autores da súa xeración como Mourullo ou Ferrín. El pensaba que debía falar do que coñecía, da vida real, establecendo unha relación moi estreita coa realidade galega.

É fácil detectar a razón da relevancia da súa obra: a súa vontade de contar historias. É o conto a mellor forma de contar e Casares é un dos autores galegos que mellor representa ese desexo de contar.



Unha primeira etapa literaria está composta por Vento ferido (1967), colección de relatos que obtivo un grande éxito, e Cambio en tres (1969), obras que pertencen á chamada Nova Narrativa Galega. Nestas obras emprega técnicas innovadoras e experimentais (monólogo interior, ruptura da secuencia temporal, ...) utilizando un rexistro que destaca pola súa modernidade.

En 1975 publicou Xoguetes para un tempo prohibido, novela que recibiu o Premio Galaxia e o Premio da Crítica Española. Esta obra fala da infancia e adolescencia dos protagonistas na España franquista de posguerra e marca a transición para unha segunda etapa na que volve á forma tradicional de narrar. Pertencen a ela Os escuros soños de Clío (1979), Ilustrísima (1980), Os mortos daquel verán (1987) e Deus sentado nun sillón azul (1996).



Nas súas obras móstrase como un escritor preocupado pola condición humana. A súa prosa combina o cotián coa ficción e o humor, presentando un importante dominio da lingua.

Escribiu tamén ensaio e literatura infantil (A galiña azul, As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas), traduciu ao galego obras de importantes autores como O principiño, tradución da obra de Saint-Exupéry, Os escaravellos voan á tardiña, de María Gripe ou O vello e o mar de Hemingway. Era tamén colaborador asiduo na prensa, mantendo entre 1968 e 1974 unha columna en La Región chamada “Con esta lupa” ou outra no xornal La Voz de Galicia titulada “A Marxe”.

Carlos Casares participou na Lei de Normalización Lingüística; foi membro da Real Academia Galega e da Fundación Otero Pedrayo. En 1996 foi elixido Presidente do Consello da Cultura Galega. En 2002 contitúíuse a Fundación Carlos Casares que ten como principal obxectivo afondar no coñecemento e difundir a figura e obra de Casares e a contribución deste á cultura e sociedade galegas actuais.



O día 23 de novembro de 2004 tiveron lugar os actos de celebración da mudanza de nome do Instituto coa presenza de Cristina Berg, muller de Casares, e de seu irmán, Xavier Casares, ademais de autoridades educativas (Delegado Provincial da Consellería de Educación, Felipe Ferreiro, Inspector de Centro, José Luís Vázquez) e políticas (Subdelegado do Goberno, Camilo Ocampo, Alcalde de Viana, Andrés Montesinos, Alcalde de Vilariño de Conso, Ventura Sierra), ex-alumnos de Casares (M^a Isabel Estévez, Xosé Vieito e Ana M^a Morais) a comunidade educativa do IES, presidida polo seu director, Miguel A. Arranz Romero, e persoas da vila.

O acto comezou coa lectura da biografía do autor por parte dunha alumna do Centro, Alicia Prado. Das varias intervencións destacou a da súa muller, Cristina Berg, quen expresou o seu máis profundo agradecemento ao Claustro de profesores pola decisión de poñerlle o nome de Carlos Casares ao Instituto no que deu clase por primeira vez. É necesario tamén facer mención ás palabras de Xavier Casares que describiu o acto como emocionante. Continuou dicindo que Carlos chegara a Viana para ensinar lingua e literatura pero a súa intención era tamén ensinar tolerancia, liberdade e amor pola terra, por Galicia, aínda que as circunstancias políticas non foran as idóneas naquela época.

O momento máis emotivo foi, quizais, cando tomaron a palabra tres dos seus alumnos que relataron divertidas anécdotas e recordaron aquelas clases do ano 1969. Despois de 35 anos, lémbromo como un profesor especial que se dirixía aos seus alumnos en galego, algo nada común nese momento, ao que lle gustaba falar cos alumnos e escoitalos, un profesor que pasaba moito tempo con eles e que tiña unha grande vinculación co Centro.

Quixemos agasallar a Cristina Berg e a Xavier Casares. Decidimos que fora algo característico da vila e do centro: un “boteiro”, figura representativa do Entroido vianés. O director da Fundación Carlos Casares, Damián Villalaín, foi obsequiado cunha fotografía de Carlos Casares e a promoción daquel ano 1969.

Seguidamente, unha alumna, Jennifer Fidalgo, leu un anaco dunha entrevista concedida por Casares a Víctor Freixanes en “Unha ducia de galegos”, onde responde á pregunta de cómo xulga el o seu traballo como profesor de literatura. Velaquí as súas palabras:

“Mira, eu creo na literatura, aínda creo na arte. Eso é fundamental para o meu traballo. Mais de unha vez me teño feito esta pregunta: ¿que fago eu ensinando literatura? Eu dígolles sempre o mesmo aos meus alumnos: estudar literatura pola literatura mesmo me parece algo gratuito, un traballo arqueolóxico. Os alumnos teñen que descubrir o sentido do que eles fan e convídoos a mirar ao seu redor a sociedade na que viven: unha sociedade chata, un urbanismo salvaxe, unha ameaza cotiá contra a natureza, contra o home mesmo como tal [...] O individuo que habita nas cidades é a maioría das veces un home cego,

insensible, anestesiado, lonxe do seu orixinario contacto coa natureza. A arte ten aquí un labor: facerlles ver ás persoas toda a abafante realidade en que vive, educar as persoas para a rebeldía. O estudio da arte, o estudio da literatura supón, dalgún xeito, o educarse para a rebeldía contra todo isto”.

Cristina Berg descubriu unha placa conmemorativa na que se pode ler: “Nesta data, o noso Centro Educativo recibe o nome de IES Carlos Casares en agarimosa homenaxe ao noutro profesor nesta vila e figura senlleira da nosa cultura. Viana do Bolo, 23 de novembro de 2004

Para rematar, ofreceuse un xantar aos invitados no comedor do Instituto composto de produtos típicos de Viana.

Quero rematar este artigo reproducindo a entrevista feita pola alumna Marina Cibeiras a Xavier Casares, xa que as súas palabras nos dan algunhas das claves do pensamento do escritor.

- ¿Que lle pareceu o acto?

- Foi un acto moi emotivo. Tanto Cristina coma min estamos francamente emocionados porque, de pronto, nos viñeron moitos recordos; recordos de hai moitos anos e, sobre todo, sabendo que Carlos lle tiña un gran cariño a Viana, inda que estivo pouco tempo, porque foi o seu primeiro destino logo de aprobar as oposicións. Sempre tivo un recordo daquela primeira época e das primeiras clases que deu na súa vida, aquí en Viana.

- ¿Cales foron os seus sentimentos ao escoitar aos alumnos de Casares?

- Foi moi emocionante poder escoitar a persoas que, dalgunha forma, viñan a recordar o que Carlos era: unha persoa tolerante, un profesor que se preocupaba moito polos seus alumnos. Que esto o digan agora persoas despois de 35 anos, que recorden todo isto, francamente, é moi emocionante.

- ¿Supón algo especial para vostede que Carlos Casares dea nome a centros educativos?

- Si, si. Indudablemente que si. Entre outras cousas, Carlos sempre foi un home que pensou que este país se tiña que construír coas novas xeracións; novas xeracións que teñen que estar preparadas cando se quere construír un país, e Galicia témolo que construír entre todos. Polo tanto, que leve o seu nome un centro educativo para el tería sido moi gratificante e para nós, por suposto, tamén.

- Das moitas facetas que tiña Carlos Casares, ¿cal salientaría vostede?

- Eu penso que un gran amor pola súa terra e pola historia do seu país. Era un home ó que lle gustaba moito falar cos nenos e coa xente nova. Eu recordo, nalgunha ocasión que o chamaron dalgunha escola ou dalgún instituto para dar unha charla, cancelar outras actividades que tiña previstas para poder estar cos nenos; é dicir, para el o dar unha charla a un grupo de nenos ou mozos penso que era unha das cousas que máis lle agradaba.

O propio Xavier Casares describiu o acto como emotivo e emocionante. Era este o principal obxectivo: que resultara un acto entrañable no que, através da lembranza, puidesemos afondar na figura dun gran narrador, gran profesor e excelente persoa, así como profundizar nalgunhas das súas paixóns: a literatura, a súa terra e a amizade.



EL CABALLO ALADO DE LA POESÍA: UNA HISTORIA Y UNA EXPERIENCIA DIDÁCTICA DE NERUDA EN VIANA

Carlos Ferreiro González

Profesor de Lengua Castellana y Literatura

IES Carlos Casares. Viana do Bolo

El 27 de noviembre del pasado 2003 un cúmulo de casualidades y afortunadas coincidencias, nos permitió a profesores y alumnos del Instituto de Educación Secundaria de Viana do Bolo asistir a una conferencia sobre Pablo Neruda que será recordada tanto por la brillantez de su expositora, la profesora de la Universidad de Chile en Santiago y de la Universidad Católica de Valparaíso Dra. Haydée Ahumada Peña, como por el momento casi cercano al realismo mágico que se vivió en torno a la figura del poeta chileno y a uno de sus preciados y queridos objetos de coleccionista.

En primer lugar, mi amistad profunda con Haydée me animó al asalto que suponía traerla desde Barcelona (en donde asistía como invitada a un Congreso de Literatura Hispanoamericana) para adentrarla en las hermosas, pero lejanas tierras vianesas. En su inolvidable discurso, la Dra. Ahumada recitó fragmentos escogidos de la poesía nerudiana, y, sobre todo, hizo reflexionar a los alumnos acerca del carácter abierto, cosmopolita e integrador del vate chileno. Para los jóvenes de Viana do Bolo (y, en cierto modo, supongo que para los de Ponte de Lima), Neruda representa el apego a una tierra, que como el Temuco de la infancia del poeta, se sitúa en un espacio agreste, alejado de los núcleos metropolitanos de difusión cultural, y, de alguna manera, fronterizo. No en vano, la Araucanía (el Sur de Chile) era considerada a comienzos del siglo XX “la última frontera”.

Haydée nos habló, además, de las múltiples experiencias vitales del poeta; sus maravillosos viajes, las numerosas y pasionales relaciones de amor y su afán inagotable por disfrutar al máximo la existencia, que lo llevaba a una curiosidad casi enfermiza por atesorar recuerdos materiales, con el fin de apropiarse en parte del alma de las cosas.

Como Viana o Ponte de Lima, el Sur chileno es un territorio marcado por dos constantes: la piedra y el agua. Enormes extensiones montañosas, plagadas de ríos, embalses y lagos, y azotadas por una constante lluvia, hacen del paisaje sureño del país andino un lugar con muchas semejanzas con respecto a Galicia o al Norte portugués. También unos valores familiares arraigados y un respeto acentuado por la tradición, generan en la personalidad de Neruda un perfil de sentimientos bien conocido para nosotros: el de la nostalgia de la tierra, “morriña” o “saudade”.

Sobre todo ello disertaba Haydée, mientras nos ilustraba con imágenes de la Casa- Museo de Isla Negra, en la costa central de Chile, donde reposan los restos del Premio Nóbel, junto a los de su esposa Matilde Urrutia. Fotografías y diapositivas de maquetas de navíos, piedras volcánicas, jarrones, pipas, sillas...; objetos todos recogidos por el poeta a lo largo de sus travesías o regalados por sus amigos, desde los más fugaces a los que le acompañaron durante toda su vida, recorrían nuestra retina. Entre estos recuerdos, surgió la instantánea de un viejo caballo de madera de aproximadamente tres metros de altura, que, nos

contaba Haydée, obsesionó a Neruda tras haberlo visto continuamente en los paseos y juegos de su infancia en la puerta de una talabartería de Temuco. A mediados de la década de 1960 sus mejores amigos, de un lado por complacer a Don Pablo, y, por qué no, un poco aburridos de su insistencia, organizaron una especie de colecta tras enterarse del cierre del negocio y la puesta en venta del equino, y éste adorna aún hoy el hermoso jardín de Isla Negra.

En ese instante, volvían a mí añoranzas imborrables de mi visita a la casa natal del poeta unos años atrás, que se desvanecieron con los estruendosos aplausos que rubricaban la conferencia. Tras abrirse el turno de preguntas para el público asistente, tomó el micrófono un caballero chileno de mediana edad que se nos había presentado en los instantes previos de la charla, y, sin más, pronunció estas palabras:

- Simplemente quisiera decirles que el caballo de Neruda es mío.

En medio de la sorpresa y el mutismo general, debo confesar que, realmente, llegué a pensar que se trataba de un mero juego dialéctico, de una intervención de raíz literaria tras la que inexorablemente vendría una alabanza exacerbada de Neruda. Pero no. Lo que el Dr. Pablo Deramond, nombre del entrañable coprotagonista de nuestra historia nos quiso decir es que él era el descendiente directo de los dueños de la talabartería, y que de pequeño había disfrutado de muchos instantes lúdicos junto a la figura de madera.

- Confieso, continuó Pablo Deramond, que llegué a odiar a los “malditos” amigos del Poeta por haber pujado en la subasta del caballo.

Al margen de la impresión que causó la anécdota, medité acerca de como el destino une a veces circunstancias increíbles. Una profesora de Valparaíso acaba impartiendo una conferencia en Viana do Bolo, en parte gracias a su amistad con un coruñés, el que les narra, que tuvo la oportunidad enorme de conocerla en Chile. Si este hecho encierra ya una cierta fortuna en la conjunción de trayectorias, las más altas cotas de lo extraño se dan cuando el Dr. Deramond, exiliado de Chile en 1973, tras el golpe de Pinochet, acaba ejerciendo su profesión médica en Vilamartín de Valdeorras, y además tiene noticias de nuestro acto y

decide acudir al mismo. Cabría plantearse también la veracidad del testimonio del doctor, pero para despejar dudas nos sorprendió con una fotografía en color ampliada del caballo de Neruda frente a la puerta del establecimiento de sus abuelos en Temuco.

Los medios de comunicación provinciales se hicieron eco de la situación y los protagonistas fueron entrevistados al día siguiente bajo titulares casi idénticos: “El caballo de Neruda aparece en Viana do Bolo”.

Creo compartir el espíritu y el sentimiento de los presentes cuando afirmo que el “alma poética” de Neruda nos invadió. Las fronteras en las que él mismo nunca creyó se diluían, y no sólo las físicas (Chile-Galicia), (Atlántico-Pacífico), sino las cronológicas y generacionales. Cuarenta años después, Pablo Deramond reafirmaba su identidad en la historia de Neruda como “co-propietario” del caballo, cuyo puerto final desconocía; Haydée y yo tuvimos la misma sensación de vigencia del poeta, como la que pude constatar en ocasiones con respecto a la obra de Lorca o Rosalía de Castro en Chile. Y comprobamos, además, que la potencia y solidez, y también la magia y la capacidad de trascendencia de la Escritura (ese caballo alado del que hablo en el título con absoluta intencionalidad) nos demuestran que, en lo esencial, el tiempo, el espacio, los idiomas y los territorios no son nunca barreras físicas para los seres humanos, sino al contrario, simples ficciones.

SANABRIA: PARQUE NATURAL

*Alumnas de 4º ESO
IES Carlos Casares. Viana do Bolo*

Este espacio natural se sitúa en el noroeste de la provincia de Zamora, una zona montañosa que limita por las Sierras Segundera y Cabrera baja en el ayuntamiento de Galende. Posee una extensión de 22.365 Has. Dentro de sus límites está el lago glaciar más grande de la Península Ibérica (368,5 Has.) También dentro del parque hay numerosas lagunas dispersas por la sierra y distintos arroyos del fenómeno glaciar.

La altitud de este espacio natural varía entre los 997 metros en los que se encuentran las orillas del lago, hasta los 2.124 metros del pico más alto que es Peña Trevinca. Fue declarado Parque Natural en 1978, para preservar las aguas lacustres que se encuentran en un proceso de degradación debido al impacto turístico y a las centrales hidroeléctricas.

Bosques de robles coexisten en abundancia con abedules y sauces, así como acebos y tejos, entre grandes extensiones de matorral. Al ganar altura el bosque se forma por un matorral de escabronales, cambronales y brezales. También podemos observar especies endémicas: la Carqueixa sanabresa y la *Geranium bohemicum*. La abundancia de lagunas, manantiales y arroyos permite la existencia de turberas, una rareza en esas alturas.

Este ecosistema cobija una variada fauna: corzo, gato montés, perdiz pardilla, águila real, nutria, trucha,... son algunos de los muchos animales que habitan el parque natural.

LAGO DE SANABRIA

Hace 100.000 años, un impresionante glaciar con lenguas de hielo de más de 20 kilómetros sirvió de origen al actual Lago de Sanabria. Asentado sobre materiales graníticos o metamórficos paleozoicos, se formó por la lenta acción de sobreexcavación de una lengua de hielo instalada en lo alto de la sierra Segundera, que se desarrolló a lo largo de más de 20 kilómetros por el actual valle de río Tera. Tiene una longitud de 3 kilómetros de largo (3178 m) por 1 kilómetro de ancho (906 m). Sus 318 hectáreas de superficie y una profundidad que alcanza los 50 metros, le convierten en el lago más grande de la Península Ibérica.

Su fondo es cristalino, ya que no se permite tirar residuos, y muda su agua cada tres meses, debido a que tiene una temperatura fija, y cuando ésta sobrepasa cierto grado, las corrientes se mezclan para mantener siempre un calor constante.

En Sanabria, hay múltiples alojamientos para los que quieren pasar varios días en el parque, también hay baños, tiendas para comprar sin ir a los pueblos, un bar y un camping.

COMPORTAMIENTO EN EL PARQUE

Dentro del parque o en cualquier bosque no se puede tirar nada al suelo, ya que ensuciamos y aparte de ensuciar, contaminamos el entorno. La mayoría de los productos que usamos a menudo son contaminantes, y si los dejamos en el suelo lo son mucho más, puesto que no son biodegradables, es decir, no se descomponen por un proceso natural. Un aspecto que no debemos olvidar es el de la contaminación acústica; los niveles altos de ruido alejan especies animales, nos impiden su observación desde senderos y altozanos, y evitan, en fin, el disfrute completo de las jornadas en el Lago.

CENTRO DE INTERPRETACIÓN

San Martín de Castañeda es el mirador natural sobre el Lago. Allí se ubica el centro de interpretación, que fue restaurado, ya que anteriormente era un monasterio; hay una exposición con maquetas de molinos y casas típicas de Sanabria; allí podemos observar muchas fotos de sus animales, una maqueta donde se reproduce este entorno, unos paneles explicativos, una sala de vídeo, en la que se muestra cómo se formó el Lago, y los animales que habitan en el parque mediante paneles con los ecosistemas que coexisten.

RUTA POR RIBADELAGO VIEJO

Salimos de un pueblo llamado San Martín de Castañeda, donde está el centro de interpretación, nos acompañaba un guía. Nos llevó por un sendero lleno de piedras, explicándonos datos y aspectos curiosos del Lago de Sanabria. Nos comentó, por ejemplo, que la tierra estaba negra, porque se había incendiado todo el bosque. Lo que más nos impactó fue que los robles nacían encima de las piedras, y no había mucha tierra.

Nos narró una historia, que decía así: fue un mendigo a Ribadelago Viejo, le iba pidiendo comida a la gente del pueblo, y nadie le daba nada, entonces fue a la casa del panadero y éste le dio pan; el mendigo marchó e hizo que se

inundara todo el pueblo, menos la casa del panadero, por eso en el Lago quedó una pequeña isla.

Seguimos con el senderismo hasta que llegamos a un pueblo llamado Ribadelago Viejo, ese pueblo fue inundado por la presa que hay en la cima de la montaña. Las casas quedaron completamente inundadas, inhabitables. Ahora se pueden todavía contemplar y también se ven las cruces y tumbas de sus antepasados, puestas allí en recuerdo de aquellos fallecidos cuyos cuerpos no se encontraron.

CURIOSIDADES

La profundidad del Lago es de un máximo de 50 metros. Las zonas más profundas se formaron debido a que cuando los glaciares se derritieron y bajaron por la montaña hasta llegar a un sitio llano, pero cuando empujaba hacia atrás el hielo, no podía retroceder, entonces como no iba hacia atrás, hacía un agujero hasta que se derritió todo el hielo y formó el Lago de Sanabria.

La tierra de Sanabria, más especialmente la del Lago de Sanabria, posee pocos nutrientes, (oligotrófico) debido a la contaminación que hay en la zona. Por desgracia, aunque estemos en un parque natural, el fuego o los visitantes que dejan algunos residuos tirados, van degradando el hábitat. Hay varios ecosistemas, en cada uno de ellos viven varias especies animales y vegetales: ecosistema acuático, ecosistema de baja montaña, ecosistema de alta montaña.

También al entrar en la zona del parque empezamos a ver muchas piedras, a primera vista parece que las han puesto ahí de adorno, pero no, son los restos glaciares que arrastró la corriente de hielo que pasó por allí.

Hay un animal que vive en el Lago de Sanabria que tiene que ser llevado al mar para que ponga los huevos debido a que hicieron presas y no puede saltar. Este animal es la anguila; tenía que recorrer varios ríos para llegar al mar, pero como construyeron presas no puede saltarlas, así que los miembros de

SEPRONA decidieron cogerlas y llevarlas al mar para que pusiesen los huevos, luego volverían a traer los ejemplares más viejos.

El Lago de Sanabria era antes conocido como el Lago de Villachica, debido a que fue donada por uno de los Borbones a la Condesa de Villachica.

Sanabria vive del turismo que causa un favorable impacto económico: se están restaurando casas tradicionales, creando campings que tratan de armonizar con el entorno idílico, nuevos hostales, etc.

RIOHONOR

Riohonor es un pueblo que está bastante lejos de Sanabria, y que casualmente está dividido por una frontera, cuyo símbolo visible es un castaño, una parte pertenece a España y otra a Portugal.

La gente del pueblo se lleva bien, incluso hay familias que están separadas por la frontera.

La gente que vive en la parte de Portugal, si enferma, tiene que ir al médico a Bragança, y los españoles a Zamora. Si por algún motivo los que viven en la parte de España tienen que ir al médico a Bragança tienen que pedir un permiso a Zamora para poder ir, y lo mismo pasa con los que viven en la parte de Portugal. Curiosamente, la iglesia que hay en la parte de Portugal mantiene el horario español; la impresión, a primera vista, es que la zona portuguesa está siendo acondicionada y rehabilitada con un mayor sentido estético y urbanístico.

UM OLHAR SOBRE PONTE DE LIMA

“Vale do Lima – um rio dois países”

*Antonio Matos Reis
Historiador de Ponte de Lima*

1. SINOPSE HISTÓRICA

O rio que, nascido na fonte do Talarinho, em Ginzo, se torna mais largo e sereno, quando sente próximo o oceano, antes de se espriar nas férteis veigas, ao cruzar-se com a estrada romana, que noutros tempos foi a principal via da civilização, originou uma ponte e, com esta, deu o nome à povoação que desse cruzamento nasceria: Ponte de Lima.

Em 1125, D. Teresa decidiu atribuir o estatuto de vila e sede de município a essa povoação, reconhecendo a sua importância sob o ponto de vista da estratégia militar e económica.

Na definição da fisionomia da vila medieval tiveram influência marcante o rio, a ponte e as saídas para as mais importantes vias de comunicação terrestre: para noroeste, na direcção de Ponte da Barca, para sudeste, na direcção de Braga, e para sudoeste, na direcção da foz do Lima.

A ponte romana, já em ruínas, foi substituída por outra, nas últimas décadas do século XIII e primeiros anos do século XIV. Às obras da ponte, seguiu-se, ainda no século XIV, a construção das novas muralhas.

Ao seu início, em 3 de Julho de 1354, alude a inscrição de uma lápide que esteve encastada numa torre junto à entrada da ponte. Em 14 de Junho de 1372, a obra estava pronta, como constava de uma carta enviada ao Rei, cuja cópia existe no arquivo da Câmara de Ponte de Lima. A ligação da vila com o exterior fazia-se através de seis portas, cada uma delas defendida por uma torre. Mas havia ainda três torres situadas na parte mais alta da cerca, que não estavam junto de qualquer porta de comunicação com o exterior mas eram necessárias para garantir a defesa do longo troço da muralha.

Tinha esta um perímetro que se pode considerar muito amplo para a época em que foi construída. Prevendo o crescimento demográfico, incluíram-se no seu interior diversas áreas de utilização quase exclusivamente agrícola, que a toponímia revelará, como as Pereiras, e, aos lados da actual Rua do Souto, o Linhar e o Pomar. Parte deste espaço irá ser aproveitado, num dos lados, para a construção do Paço do Alcaide, já no século XV e do outro, para a expansão urbanística que se verificará ao longo dos séculos XV e XVI.

Para compreender o traçado da vila, importa advertir que, na Idade Média, não era permitido fazer construções encostadas às muralhas ou excessivamente próximas.

O mais antigo núcleo da vila terá sido o que se desenvolveu junto a embocadura da ponte. Muito cedo, porém, a povoação se estendeu para jusante. A vila tinha-se até então desenvolvido sobretudo na parte baixa, à volta do grande eixo constituído pela Rua Direita, também dita Rua de Dentro (da vila), e seu prolongamento, com algum incremento à volta dos acessos que ligavam este eixo às outras portas: a da Ponte, a do rio ou da Ribeira (S. Paulo), e a de Braga.

É, aliás, curiosa a diferenciação toponímica entre as diversas áreas da vila. A uma toponímia arcaica, correspondente a uma estruturação inicial - Rua Direita, Rua de Cima de Vila, Rua da Ribeira - sobrepõe-se uma toponímia baseada nas especializações profissionais dos respectivos arruamentos, que supõe a sectorização das actividades e uma dinâmica económica saudável - Rua da Sapataria, Rua dos Mercadores, Rua da Ferraria, Rua da Brancaria, Rua da Carniçaria - e depois uma toponímia mais recente, de origem topográfica ou rural - Rua do Souto, do Linhar do Carrezido, das Pereiras, do Pereiro, do Pinheiro, de Braga.

A expansão da vila, já no século XV além de vários arruamentos e moradias, fará aparecer alguns edifícios marcantes no futuro da vila: os novos Paços do Concelho, a Igreja Matriz e o Paço do Alcaide. No início do século XVI erguer-se-á a torre da Cadeia e implantar-se-á uma instituição, que irá marcar a vila, também no aspecto urbanístico: a Misericórdia.

É na área do Pomar; utilizando em parte as casas que já aí possuía, que D. Leonel de Lima, a partir de 1464, vai promover a construção do castelo, destinado à habitação dos alcaides-mores, depois de obter de D. Afonso V a garantia de que esse cargo seria sempre desempenhado por ele e pelos seus descendentes, dando assim origem ao chamado Paço do Alcaide.

